


Orbita

IES Ribeira do Louro | Número XVI | Xuño de 2021



EDITORIAL



Vencerse é cousa de se tratar dixo Xela Arias e nós seguimos o exemplo neste seu ano. Non nos deixamos vencer e CONSEGUÍMOLO! Conseguímo-lo si, chegamos a final de curso sen ter que pechar o instituto, sen volver a separarnos para vernos tan só ante unha pantalla como o curso pasado.

Pasamos frío, quitámoslle as mantas ao sofá e trouxémoslas canda nós para que aprendesen, tamén elas, as oracións subordinadas, as ecuacións e as partituras. A metro e medio observámonos con receo e desconfianza ao inicio, chifrando mesas, cadeiras e mesmo algún que outro teclado de ordenador. Puxemos *mamparas* entre mesas e cintas verdes polo chan que nos indicaban o camiño, un camiño mil veces transitado noutrora na alegría da desorde.

As máscaras fixéronnos imaxinar rostros descoñecidos, tan só intuídos polos ollos que non daban expresado todo o que nos queríamos dicir: **a educación ha de ser presencial**. Din que a máscara veu para quedar, será certo, mais tamén demostramos que actuando con sentidiño, como nos pedían, e mantendo os protocolos estamos a piques de pechar un curso difícil, pero ben aproveitado.

Por estar xuntos renunciamos a moitas actividades como saídas didácticas, excursións, erasmus e, tamén, a espazos tan prezados como o salón de actos. Non puidemos sentarnos xuntos, nin compartir un bolígrafo ou unha goma, mesmo chegamos a ter os libros en corentena, pechados nunha caixa, os pobres! Porén, non nos deixamos vencer e reinventámonos facendo actividades a moreas, dende os clásicos en pandemia ata saídas polo río, sen faltar o teatro, os concursos e, agora, a graduación dos alumnos e alumnas de 2º de Bacharelato aos que lles desexamos o mellor na nova andaina que comezan. O mesmo desexo vai para as profesoras e profesores que para o vindeiro curso comezarán noutros centros.

Foi difícil, hai que recoñecelo, e, dende a dirección tivemos que dicir a moitas cousas que non, sempre

segundo o famoso protocolo COVID, ata unha vara tivemos que sacar, unha vara de metro e medio nada menos!

Conseguímo-lo, si, e queremos darvos as grazas a todos: en primeiro lugar ás alumnas e alumnos que nos demostraron que era posible, ás profesoras e profesores que deron exemplo e enchéronse de paciencia, impondo a súa voz por enriba da ditosa máscara, as administrativas nun ano de

moito papelorio e ás conserxes que, entre outras cousas, encheron o instituto de frechiñas verdes para que non perdésemos o rumbo. E, por suposto, ás mulleres do servizo de limpeza, que duplicaron o seu traballo para manter o becho afastado.

O ano pasado, desde estas páxinas, reclamabamos a necesidade de retomar o ensino presencial e non nos equivocabamos. Agora só nos queda agardar por volver facer grupos de traballo na aula e liberarnos do tiránico metro e medio, coller un autobús para facer excursións, encher o salón de actos con obras de teatro e correr en EF sen abafar coa máscara.

Moitas grazas a todas e todos polo voso esforzo, gozade do verán e, para o vindeiro curso que nos vexamos as caras.

A Dirección

SUMARIO

Editorial	2
Tribuna libre	3
Actividades // Proxectos	4
Artigos // Reportaxes	23
Especial Club de Lectura	36
Entrevista	38
Especial Letras Galegas	40
Premio Roberto Vidal Bolaño	52

Ilustración da portada: María José Iglesias

TRIBUNA LIBRE

O 2º DE BACHARELATO MÁIS ATÍPICO

Despois dun ano atópome aquí, escribindo isto, e sumando de certo modo a presenza dos meus compañeir@s nas miñas palabras; dos meus aliados deses viraxe tan inesperábel que tivemos que facer nese ano 2020, no 2º de bacharelato máis atípico ata o momento.

Non é doado escribir sobre este tema, iso está claro. Custa tornar a vista atrás e doe como esa espiña que se te crava para sempre. Esa lembranza que queda para toda a vida. Aínda así, cómpre lembrar un dos momentos inolvidables da existencia. Comezou cando todo ía con normalidade. Apareceu coma un deses atrancos que menos agardas no camiño da vida, pero non un calquera.

Un 13 de marzo de 2020, achegábase un tal virus chamado Covid 19 e con el, un impedimento no transcurso das nosas vidas e nun dos cursos máis temidos, 2º de bacharelato, e aí estabamos nós. Unha pandemia, un confinamento, unha incerteza, unha soidade...entre moitas outras palabras que todos coñecemos. Faltaríame tempo, tinta e folio para describir o que sentimos naquel intre. Aínda así, con numerosos impedimentos conseguimos seguir coa docencia de cara á selectividade. Diciamos adeus á normalidade, un adeus definitivo á nosa graduación, a esa “despedida”, a ese agradecemento cara ó profesorado antes de emprender os chamados novos camiños. Non obstante, iso quedaba nun segundo plano cando se trataba de saúde, de desesperación ou de necesidade. Ter esa sensación de que a túa mente

non estaba preparada para assimilar tanto en tan pouco tempo, mais debía facelo.

Pasou o tempo, e con el, as horas de estudo e desesperación por non saber o que ía pasar ao día seguinte, á mañá seguinte, o vindeiro mes ou a vindeira semana, só saber que os días ían pasando e debías poñerlles cara fose como fose. Tempo máis tarde, sometémonos a esa proba de fogo á cal todos lle temen cando están nesta etapa, a inmatura selectividade nesta nova situación. Superámola como puidemos e a partir de aí dixemos ata sempre á etapa escolar dun xeito agridoce.

Quizais non foi un ata sempre, se non un ata logo, xa que a pesar da dura situación, volvemos de xeito exprés á que foi a nosa casa durante os últimos anos. Alí celebramos un miúdo acto de entrega de orla e diplomas e mirámonos os ollos despois de durísimos meses. Voltaba, unha vez máis, o feito de sentires esa forza interna de querer abrazar e agradecer todo o vivido e non poder facelo a non ser, unicamente coa fala.

Agora ben, así son as adversidades da vida, as rochas que se poñen no medio, esas que hai que brincar custe o que custe, doa o que doa e tarde o que tarde. Non sabería que máis dicir, simplemente agradecer o labor de quen estivo ao noso lado todo este tempo, sobre todo no último e dar grazas por formar parte desta gran e morriñenta familia. E como se soe dicir, a esperanza debe ser o último que se perde. É necesario visualizar esa claridade ao final do túnel para seguir vivindo. Aínda que moitas desas luces apagarán polo carreiro. Agora, máis que nunca, debemos loitar ata o final.

María Fernández Álvarez

3



ACTIVIDADES E PROXECTOS

O pintamuros

Esta foi unha actividade realizada durante o mes de novembro polo alumnado de 3º da ESO grazas á colaboración do Concello do Porriño. Agora xa contamos cun grafito ben chulo co nome do noso insti.




Depoduarte

En outubro a Deputación axudounos ao alumnado de 3º ESO con este mural nunha actividade de sensibilización polo cambio climático.



Trivial biblio



Visita virtual á exposición Galicia, de Nós a nós


O departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Ribeira do Louro organizou o pasado mes de novembro unha visita virtual á exposición **“Galicia, de Nós a nós”**, na Cidade da Cultura, á que asistiu todo o alumnado de 4º da ESO.

A mostra, a máis completa e ambiciosa sobre a Xeración Nós das realizadas ata o momento, conmemora o centenario da publicación da revista *Nós* (1920-2020) e pon de relevo o papel que xogaron na cultura galega tanto a dita publicación como os seus impulsores.

As explicacións do guía da exposición contribuíron a afondar na aprendizaxe significativa do alumnado. Así, aquelas alumnas e alumnos que leran durante o mes de outubro *Arredor de si*, unha das obras de lectura propostas para o primeiro trimestre, puideron visualizar o mapa de Fontán e comprender mellor o que significa para Adrián Solovio descubrir Galiza no debuxo exacto do país.

Ademais de profundar en cuestións xa traballadas durante as aulas, a visita virtual botou luz sobre datos que non adoitan figurar nos libros de texto e que sorprenderon moito ao estudiantado, como o feito de que a primeira tese de doutoramento sobre a lingua galega fora presentada en Berlín en 1935 e que estea asinada por unha das tres mulleres que contou con artigos de seu na revista *Nós*, Margot Sponer, estudosa alemá asasinada pola Gestapo nas vésperas da finalización da Segunda Guerra Mundial.

En definitiva, esta visita virtual foi unha experiencia moi didáctica e amena que, a través dos recursos audiovisuais empregados para presentar o contexto sociohistórico e sociolingüístico da Xeración e o Grupo Nós, contribuíu a que o alumnado enriquecese a súa visión da cultura galega.



Un Nadal cantado e regueifado

O fin de 1º trimestre era desexado. Costumamos preparármolos para unhas vacacións logo do período máis longo do curso, sobre todo este ano, con tanto protocolo, máscara, separación por cursos e falta da convivencia habitual doutros anos entre o alumnado.

Deste xeito o alumnado máis novo do centro foi protagonista dun ambiente festivo o último día de aulas de decembro. 1º da ESO preparou panxoliñas en galego, cantos de Nadal en portugués e 2º de ESO C regueifou nas aulas dos seus compañeiros de nivel.



Unha comisión para todas e todos


Este ano a **Comisión de Igualdade** comezou con folgos renovados. O curso arrancou cunha nova coordinadora, a profesora Margarita Alén. Ao redor dela, ampliouse un grupo xa creado o ano pasado de mans da nosa compañeira Virxinia Calviño, que xa impulsara o Plan de Igualdade do centro e realizara as primeiras análises da situación de convivencia.

Por desgraza, este ano foi un curso atípico. A imposibilidade de xuntarse e de compartir os bos e os malos momentos fisicamente fíxose tremendamente dura. Por iso se organizáron actividades que nos permitisen participar doutro xeito: unhas veces coa reivindicación da figura da muller; e outras, expresando a dor polo asasinato inescusable, como no caso da homenaxe “Unha muller, unha flor”, onde cada membro da comunidade educativa puido colocar unha flor negra en memoria de todas as mulleres vítimas da violencia machista.



25 N: Día internacional contra a violencia de xénero


Obra de Lucía García para o 8M



O 8 de marzo foi outra data significativa. O alumnado puido escribir o nome dunha muller importante para el e rodear así unha magnífica ilustración de Lucía García de 2º Bacharelato. Ademais, con esta mesma idea, a fundación ACEESCA colaborou connosco na realización dun vídeo co mesmo espírito. Esas semanas, da man das profesoras Natàlia Regueiro e María José Iglesias organizouse unha actividade para realizar chaveiros con motivos feministas mediante a técnica *decoupage* en madeira. Como vén sendo tradición, o profesor Delio García coordinou os monólogos que fixeron diversas alumnas representando figuras de mulleres devanceiras.




Ao longo de todo o curso, intentouse visibilizar constantemente a enorme diversidade que existe no centro. Así, o 8 de abril celebrouse o Día internacional do pobo xitano cunha exposición e unha exhibición musical a cargo de Miguel Santiago, Raquel Castro e África Álvarez. Tamén houbo diversos vídeos conmemorativos e conferencias, entre elas a de Susana Piñeiro para o alumnado de 4º ESO sobre Muller, publicidade e dereitos humanos.



Corazón creado por San Valentín sobre o amor propio

Por outra banda, dende o inicio pretendeuse fomentar o amor propio independentemente da condición sexual e da identidade de xénero de cadaquén. Para isto, os corredores do primeiro andar enchéronse de corazóns que se penduraron do teito, creando así un ceo cheo de diversidade e amor propio. Nas paredes tamén se colocaron carteis de diversas figuras femininas transxénero representativas, coa idea de que o importante das persoas está no seu interior.

Con esta mesma idea, este mes remata o curso co pintado dos chanzos da escaleira da fachada principal do instituto coa bandeira LGBTIQ+, que se realizou por parte de profesorado e alumnado do centro. Así rematamos un curso que foi difícil. Acadar a igualdade en todos os aspectos non é unha tarefa doada, pero se estamos xuntas e xuntos, conquistáremola



COMISIÓN DE IGUALDADE
IES RIBEIRA DO LOURO

Día Internacional contra a violencia de xénero

ALUMNADO DE ORATORIA: MANIFESTO 25N

Como nos últimos cursos, o estudantado de Oratoria de 1º de ESO leu un manifesto para denunciar a violencia que sufrimos as mulleres polo simple feito de sérmolo.

Foi un bontio acto, a pesar de ter que chegar ao conxunto do centro por vídeo-conferencia. Deixámosvos aquí o noso manifesto ao que demos lectura 17 estudantes:.

Oxalá tivesemos que deixar de recordar esta data porque xa a igualdade estivese alcanzada!

O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller foi aprobado pola Asemblea Xeral das [Nacións Unidas](#) o [17 de decembro](#) de 1999. Celébrase anualmente cada [25 de novembro](#), en memoria das [irmás Mirabal](#). A proposta para que se celebrase nesa data realizouna a [República Dominicana](#), co apoio de 80 países.

Na [República Dominicana](#) rexistrouse o asasinato das tres [irmás Mirabal](#), feito que tivo lugar o 25 de novembro de 1960, por orde do ditador dominicano [Rafael Leónidas Trujillo](#). Foron matadas por loitar contra a ditadura e esuxur melloras de vida para a poboación.

En 1981 celebrouse en [Bogotá, Colombia](#), o “Primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe”, onde se decidiu marcar o 25 de novembro como o “Día Internacional de Non Violencia contra as Mulleres”, lembrando o asasinato das tres mulleres.

En 1993 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a “Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller”, na que se definiu a “violencia contra a muller” como:

“Todo acto de violencia baseado no xénero que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas, a coerción ou a prohibición arbitraria da liberdade, xa sexa que ocorra na vida pública ou na vida privada”.

Na devandita Asemblea recoñeceuse que era necesario “unha clara declaración dos dereitos que se deben aplicar para asegurar a eliminación de toda violencia contra a muller en todas as súas formas e un compromiso dos estados e da comunidade internacional en xeral para eliminar a violencia contra a muller”

Por que este Día Internacional?

Debido a que:

- A violencia contra a muller é unha violación dos dereitos humanos.
- A violencia contra a muller é consecuencia da discriminación que sofre, tanto nas leis como na práctica e a persistencia de desigualdades por razón de xénero.
- A violencia contra a muller afecta e impide o avance en moitas áreas, incluídas a erradicación da pobreza, a loita contra o VIH/SIDA e a paz e a seguridade.
- A violencia contra as mulleres e as nenas pódese evitar. A prevención é posible e esencial.
- A violencia contra a muller segue a ser unha pandemia global. Ata un 70% das mulleres sofren violencia na súa vida.



Na actualidade, a violencia contra as mulleres e as nenas é unha das violacións dos dereitos humanos máis extendidas, persistentes e devastadoras do mundo.

Porque nada xustifica a violencia exercida contra as mulleres: non admitas ningún comentario, proveña dun home ou dunha muller, que tente xustificar calquera tipo de control, agresión ou violencia sobre a muller.

Ante o maltrato, tolerancia cero.

Se tes medo, aprende a recoñecelo e non sentir vergoña. O débil é o maltratador.

Se quere ver o teu móbil, se sente celos, se non acepta que a relación acabou, se te obriga a facer o que non queres, se se sente con dereito a imporche ata onde ides chegar nas vosas relacións sexuais... non te quere!

Consumir sexo de pago é un dos últimos vestixios da escravatura: non podes comprar persoas, non participes nesa explotación que lle quita a dignidade á vítima e a ti como explotador sexual.

Aprende a resolver conflitos sen violencia. Transmitámoslles aos nenos e ás nenas habilidades para a convivencia cos valores da igualdade e ensinámoslles a falar das emocións propias e das alleas con toda naturalidade.

Non existen traballos ou responsabilidades femininas e outras masculinas. As fillas e os fillos non son asunto da muller, senón dos que deciden facerse responsables dunha vida humana.

Non lles regales ás nenas e ós nenos xoguetes que potencien a separación por xéneros. A educación na igualdade pasa polo día a día e polos valores que lles transmitimos ás pequenas e ós pequenos como normais.

E agora, pregúntate: de que lado estás? Do abusador ou da vítima, do acosador ou da acosada, do machista ou da feminista?

Ti escolles que papel queres xogar.



Mulleres sobranceiras da historia

Xornada de monólogos vistos nas aulas de xeito virtual para conmemorarmos o Día Internacional da Muller.



Téano (Noa Rodríguez / 1º ESO A)



Conepción Arenal (Águeda Fernández / 2º ESO A)



Enheduanna (Maura Martínez / 2º BACH B)



Valentina Tereshkova (Saray Pereiro -4º ESO A)

8

Charla - obradoiro “Descubriendo as rochas que pisas”

O pasado 23 de novembro asistiu ao noso centro Fran Canosa. El é Doutor en Xeoloxía, mais o seu principal campo de traballo é a ensinanza e a divulgación da xeoloxía. Ademais conseguiu aumentar as matriculacións en materias relacionadas con este ámbito grazas á saídas ao campo e ao turismo xeolóxico.

Lembro que o primeiro que nos comentou foi que a xeoloxía é unha ciencia difícil de comprender, supoño que o diría pola antigüidade da Terra, orixinada hai 4600 m.a.; e a súa ubicación no espazo e no tempo.

Servíuse dunha pequena introdución para situar os conceptos básicos da xeoloxía, os cales deramos uns días atrás; e estableceu unha comparación interesante entre a Terra e un ovo, para así explicar a estrutura interna desta (a casca do ovo sería a codia, a clara o manto e a xema o núcleo). Contounos tamén quen fora Alfred Wegener, home pioneiro no coñecemento do funcionamento da Terra que afirmou que os continentes son coma unha especie de “puzzle”.

Dunha maneira lúdica e moi interesante situou os eventos máis relevantes da historia da Terra nun calendario e quedamos admirados: a especie humana aparecería no último día do ano e, o que é máis, nos últimos segundos, mentres tomamos as uvas. Esta comparación co tempo ao que estamos acostumados fai que te deas



conta do insignificante período que levamos nós, os humanos, na Terra.

O resto da charla pasou a ser un pouco máis informativa: comezando pola xeoloxía de Galiza e as diferentes zonas que posúe, e finalizando cos diversos traballos que un xeólogo pode realizar (estudos do terreo, do fondo mariño, mapas de risco sísmico, sondaxes).

Para finalizar, levounos ao exterior do instituto. Alí rematou a súa explicación con mostras dos distintos tipos de rochas: volcánicas, metamórficas, plutónicas, etc. Sen dúbida esta foi a mellor parte da charla, xa que resultou máis interactiva e, polo tanto, máis interesante.

Arancha Martín e Sergio Nogueira 1º BAC A

Proxecto Livingriver 20-21

Livingriver é un proxecto que estuda a vida e a cultura arredor dos ríos e regatos. Nós realizámolo sobre o noso río Louro, nel participamos, dende hai tres anos un grupo de alumnos e alumnas que este ano cursamos 2º de bacharelato: Jorge, Matías, Ana R., Lucía, Verónica, Paula, Ainhoa, Eric, Miriam e Antonio. Este curso tivemos dúas baixas Ana M. e David P. e a incorporación de Kevin. Este proxecto propuxéronnoloo cando estabamos en 4º da ESO pero por cuestións loxísticas non se puido levar a cabo e comezámolo o curso seguinte. Dende o primeiro momento estivemos todos comprometidos con esta actividade xa que, era unha boa oportunidade para coñecer un pouco máis sobre o lugar onde vivimos e o que nos rodea.

Coa visita do alumnado procedente de Bordeos, que se atopaba de intercambio no noso centro, comezamos coa preparación dunha pequena xincana sobre diversos factores que condicionan un río (localización, flora, fauna,...) que inicialmente tiñamos prevista para realizar no percurso do río pero debido ao mal tempo a trasladamos e adaptamos ao centro.

Ademáis, tamén podemos contar coa visita dun grupo de estudantes de Portugal, en concreto de Viseu, cos que compartimos a información recompilada sobre o noso río. Esta visita ía ser devolta acudindo nós ao seu centro, mais a chegada do coronavirus e da Covid 19 impediunos facer a visita, a que íamos aproveitar para achegarnos ao Xeoparque de Arouca e apreciar o gran afloramento de granito nodular, pero que tamén tivemos que cancelar.

Pero nós non nos rendemos e este ano voltamos repetir a experiencia xa que nos daba mágoa rematar a nosa etapa no centro sen ter realizado o proxecto, polo que tivemos que axustar os nosos horarios para quedar polas tardes e ao mesmo tempo sacar 2º de bacharelato. Se me preguntasen cal foi a lembranza coa que me quedo deste proxecto, sen dúbida diría que a forma de traballo, posto que formamos un gran equipo no que todos achegamos o noso gran de area, xa ben fose preparando o material necesario para colocar no



río, como o traballo para a súa extracción ou mesmo a recompilación dos datos.

Non todo podía saír ben, xa que, cando fomos recoller as derradeiras mallas levamos unha sorpresa ao non atopalas alí, polo que teremos que omitir este último dato do traballo. Agora tamén lembro as condicións meteorolóxicas adversas que arrincaron os materiais de mostra aparecendo nas pólas das árbores. A pesar de todo isto dende o meu punto de vista penso que todo o esforzo levado a cabo pagou a pena por unha simple razón: APRENDIZAXE. Aprendizaxe persoal pola organización, aprendizaxe cultural polo coñecemento do noso ecosistema ou incluso aprendizaxe emocional, por non derrubármolos NUNCA ante as adversidades que se nos presentaron.

Ana Rodríguez Barros 2º BAC A

Saída ao río Louro

O pasado mércores 26 de maio, o alumnado de 4º ESO A realizamos unha saída didáctica ao río Louro. O día anterior xa fora o grupo de 4º C. Ao chegar alí dividímonos en dous grupos acompañados polas profesoras que nos imparten Bioloxía e Xeoloxía e desdobre de laboratorio, Marta e Puri respectivamente.

Primeiro, un grupo deu un percorrido pola beira do río observando a flora autóctona e a invasora, como por exemplo o pino marítimo que é autóctono e a robinia que é invasora; e tamén, observamos unha fauna moi diversa como troitas, patos e ras. Mentres, o outro grupo realizaba unha análise da calidade da auga medindo unha serie de parámetros como o pH, a temperatura, cantidade de nitratos e fosfatos, o osíxeno disolto,.. faciamos unha observación dos invertebrados que o habitan como larvas de cabaliño do demo, zapateiros,

escorpións de auga, tricópteros, vermes,... Logo os dous grupos cambiaron as tarefas.

Foi unha experiencia gratificante observar e analizar a paisaxe de ribeira do lugar onde vivimos.

Érika Álvarez 4º ESO A



Saída ao río Louro

As rapazas e rapaces de primeiro da ESO, efectuamos durante as pasadas semanas do mes de maio e xuño unha saída ao río co departamento de Bioloxía, para mirar o estado do ecosistema do noso río Louro. Esta saída, era a primeira do ano o que nos causou grande emoción. As rapazas e rapaces puidemos observar unha gran variedade de fauna e de flora, e respecto á flora, esta saída tamén nos serviu para que nos conciencemos da enorme cantidade de especies invasoras que hai en Galicia, un exemplo a acacia negra, que está desprazando as especies autóctonas como o carballo e o salgueiro.

Toda a rapazada baixamos andando pola ruta do río Louro ata chegar á ponte para cruzar o río, alí as profesoras explicaron que nos debiamos separar en dous grupos: o primeiro grupo íra como primeira actividade a analizar a auga, e o segundo a anotar as diferentes especies que estaban nas beiras do río.

Á hora de analizar a auga tivemos en conta o seguinte: a temperatura e turbidez, e osíxeno disolto, para saber a cantidade de osíxeno que podería haber na auga; os nitratos, para poder saber a calidade da auga; o PH, que sería a acidez, hai que tela en conta para ver a cantidade de seres vivos que poder vivir no río; e por último os macroinvertebrados, que poden desvelar moito sobre as especies de animais que habitan nese lugar e sobre a calidade da auga.

Na metade da saída intercambiamos lugares, os rapaces que estaban con Puri pasaron a estar con Elena, e viceversa. Os nenos e nenas que estaban con Elena fixeron un percorrido completo ao redor do río, para así poder investigar e observar as especies da ribeira do río.

As especies que observamos foron a maioría autóctonas, pero poderíamos destacar que tamén había moitas invasoras. Por desgraza polo río non se puideron observar moitas aves, tirando as pombas e algún que outro pato. O río está habitado principalmente por invertebrados: bolboretas, chinches, libeliñas e cabaliños do demo, moscas... Das árbores podemos dicir moito máis, todo o río está rodeado de plantas. Temos sorte de poder ter tan cerca un ecosistema tan variado.



Nesta inspección do río, concluíuse que estaba nunhas boas condicións, que permiten a vida tanto de peixes, como a troita, e de algas tanto microscópicas como non. Durante o paseo polas beiras do río, tamén vimos tubos provenientes de fábricas e que nalgunhas partes do percorrido do río, este estaba limitado nas beiras por muros tanto de pedra como de madeira.

Nós pensabamos que o río estaría en peores condicións, xa que ten preto varias fábricas como Coren. Pero nesta excursión démonos de conta que o río Louro está mellor do que pensabamos e que apenas hai contaminación. É un lugar no que podes atopar lixo como noutro calquera pero en trazos xerais está bastante ben coidado.

Antón Sío Lago e Sergio Lage Estévez 1º ESOD

Noa Teixeira Álvarez 1º ESO B



Espectáculo de ciencia “O mundo e as pandemias”

O pasado 26 de maio, organizada polo departamento de Bioloxía e Xeoloxía tivemos unha charla, nunha conexión en directo con Galicien-



cia - Tecnópole, impartida polo profesor e divulgador científico David Ballesteros. Foi interactiva, e durante a mesma, ademais de falarnos das grandes pandemias da historia e a evolución científica e tecnolóxica para buscar solucións, realizou unha serie de experimentos.

Nun deles podíamos observar a eficiencia das máscaras de protección, así tusindo con ela posta sobre xeo carbónico non soltamos partículas virulentas e tusindo sen máscara podíase ver como o xeo carbónico se movía co aire expulsado. Noutro experimento podíase ver con luz uv unha vía de contaxio como as mans, pois botaban unha crema sobre elas e aínda que as lavasen ben con auga e xabón seguían quedando restos de xermes e da crema utilizada.

Adam Aboujaafar 4º ESO A

Nanotecnoloxía: realidade ou ficción?

O pasado 25 de marzo de 2021, o alumnado de anatomía aplicada, tecnoloxía, tic e cultura científica asistimos a unha charla, de forma virtual a causa da covid para cumprir os foros e demais medidas que nos obriga a cumprir a pandemia.

Nela Francisco José Fraga López, un gran científico no ámbito da nanotecnoloxía e dedicado á física na Universidade de Santiago de Compostela, explicou os usos e aplicacións desta nos ámbitos sanitario e tecnolóxico, así como o pouco financiamento que reciben en España.

No ámbito tecnolóxico explicounos como no seu equipo de investigación crearon unha pintura capaz de xerar electricidade ou como traballan na mellora do coche eléctrico. Xa no ámbito sanitario as innovacións son máis peculiares e interesantes, como poder controlar un embarazo cunha app no móbil, ou controlar as patoloxías de diversos enfermos con este mesmo sistema. Tamén nos falou da creación dunhas pílulas, encargadas de

dosificar os medicamentos durante un tempo e conseguir que actúen no momento exacto, esta tecnoloxía estase a probar para as úlceras de estómago. Aínda que estas pílulas tamén se aplican actualmente en piscifactorías para dosificar o alimento dos peixes.

Unha serie de innovacións que no noso país aínda non son moi utilizados pero que en Estados Unidos xa están sendo moi empregados.

Unha experiencia magnífica na cal todo o alumnado aprendeu un montón de cousas, e quen sabe se alguén coñeceu a súa futura profesión!

Todo o alumnado que recibiu a charla mostrouse agradecido con Francisco José Fraga López pola súa charla e a súa maneira de transmitirmonos a información, que non é doado!

Angela Gil Lorenzo- -1 Bacharelato A

“Microbioloxía para entender o mundo”

O pasado 27 de maio, organizado polo departamento de Bioloxía e Xeoloxía, tivemos unha actividade - taller de microbioloxía impartida pola bióloga e doutora en Microbioloxía Andrea Muras. Nela explicounos a importancia desta ciencia para a nosa saúde e fixemos un experimento sobre o funcionamento da reacción en cadea da polimerasa (PCR) empregando os seguintes materiais: pezas de lego de diferentes cores e tamaños, un puñado de confeti de cores e un vaso de plástico. Coas fichas de lego deseñamos cebadores e comprobamos como a partir dun fragmento pequeno se pode obter unha cadea moito máis grande de ADN empregando a técnica da PCR. Esta técnica é moi importante para o diagnóstico de enfermidades e identificar persoas (cadáveres, asasinados, paternidades...), a partir de mostras de sangue, saliva,...



Katia Alén 4º ESO C

XII Olimpíada de Xeoloxía



Equipo participante na XII Olimpíada de Xeoloxía - Fase galega.

Antes de nada, supoño que todo o mundo debería ter na cabeza o concepto de olimpíada de xeoloxía. Non, non é un concurso para ver quen pode nomear máis tipos de rocha nun tempo limitado. É un desafío que pon en práctica non só a capacidade memorística, senón tamén a intuición, dedución e o traballo en equipo.

E en que consiste?. Está dividido en dúas partes: unha parte teórica onde se poñen en práctica os coñecementos individuais nun desafiante test, e unha parte práctica en equipo na que os membros do devandito equipo deben espremer as súas mentes para enfrontarse a todo tipo de preguntas. Ademais, o temario que pode entrar é increíblemente variado, dende astronomía, química, e por suposto, como máis importante, xeoloxía. Mesmo cheguei a confrontar preguntas que facían referencia á Segunda Guerra mundial ou sobre obxectos do día a día, como os compoñentes dun móbil.

E como nos preparamos para todo?. Tódalas semanas nos xuntamos un día durante dúas horas máis ou menos, e podo dicir por experiencia propia que foron sen dúbida as clases de xeoloxía máis divertidas que se poden dar. Sen programa, sen restricións, saltabamos constantemente do que estabamos a dar para lembrar cousas de había días, e rapidamente empezamos a competir entre nós para superárnos. Non creo que poida haber unha dinámica máis sa que fomente a aprendizaxe.

Pero hei de resaltar unha cousa. As clases non eran como eran porque estivésemos a preparar a olimpíada,

non. Podo asegurar que un 70% da razón pola que a todo o mundo lle gustaba ir é pola nosa profesora Marta. Poñía un esforzo case inhumano en traernos cousas novas cada semana: todo tipo de actividades, información, presentacións, olimpíadas doutros anos. O feito de que fose capaz de dar tanta información de forma dixerible é inaudito. O outro 30% adxudícollo aos meus compañeiros, quen sempre foron con actitude animada, e axudábanme a querer superalos e superarme a min mesmo.

E serve de algo gañar?. Home, só participar xa beneficia enormemente. A parte de que todo coñecemento nunca vén mal, se estás a cursar Xeoloxía resultarache moitas veces máis sinxelo prepararte para os exames, dado que unha gran parte do contido da olimpíada coincide co da materia. Unhas clases particulares totalmente gratis, practicamente.

Se non fose pola endeañada COVID, mesmo poderías ir á tamén a unha universidade, onde normalmente teñen lugar (Escola de Minas e Enerxía). Tamén regalaban un pequeno premio de participación, e unha medalla que sempre queda ben para presumir. E iso é por participar, que se

quedas no primeiro posto da fase territorial, pola que te presentas, a parte de MOITOS máis premios tes a oportunidade de presentarte á Olimpíada Nacional onde os premios xa son increíbles. A quen non lle gustaría gañar a toda España?. E nin menciono a internacional, porque xa nin me imaxino.

Se estás en 4º da ESO ou 1º ou 2º de bacharelato, de verdade recoméndoche participar. Non ten ningunha repercusión negativa, non hai nada que perder. Ao contrario, beneficia en maior ou menor medida. E aínda que de cando en vez hai que poñerse serio estudando, evidentemente, non é máis que unha experiencia que se debe gozar ao máximo.

Espero unha nova xeración de mellores e superiores amantes da xeoloxía.

Antonio García Torres 2º BAC A



Antonio García 1º premio da fase galega

Deseño 3D do alumnado TIC de 1º Bach.

O alumnado de primeiro de bacharelato na materia de TIC (Tecnoloxía da Información e as comunicacións) elaborou de xeito individual uns deseños 3D empregando o programa de CAD Sketchup for Schools.

Gustaríanos poder engadir aquí fotografías de tódolos prototipos realizados. Desgrazadamente non podemos facelo por falta de espazo, así que realizamos unha selección dalgúns deles. Queríamos agradecer a dedicación da rapazada polo seu grao de implicación no traballo. Debemos salientar que para moitos deles era a primeira vez que traballaban con este software e os resultados obtidos son espectaculares como podeades ver.

Nesta pequena mostra temos a guitarra de Simón, o farol de Samuel M., a cadeira de Aroa e a espada e o pedestal de Saúl.



Obradoiro de drones

Este curso non puidemos facer saídas, pero o Concello do Porriño organizou un obradoiro de drones de dúas horas no noso centro.


Durante a primeira metade o persoal especializado impartiu unha charla teórica. Nela explicáronnos os distintos tipos de drones existentes, as súas características técnicas, as leis que regulan o seu emprego, as limitacións que teñen as baterías, os prezos, os procesos de carga máis axeitados para aumentar a súa vida útil e as distintas aplicacións deste tipo de dispositivos. Despois dunhas demostracións prácticas por parte das dúas persoas especialistas, todo o alumnado da materia de Tecnoloxía Industrial de primeiro de bacharelato puido facer prácticas de pilotaxe.

Experimentamos técnicas de voo con varios tipos de drones, desde os máis simples (e máis difíciles de controlar) ata uns máis sofisticados que se pilotaban de

xeito máis sinxelo aínda que fósemos pilotos inexpertos.

Dous alumnos xa tiñan algo de experiencia no tema, pero para o resto foi unha novidade.


Tamén puidemos probar uns lentes nos que viamos en tempo real o que estaba a gravar un drone máis complexo que pilotaban os especialistas.



Obradoiros didácticos de física e química

Este ano fixemos varios talleres didácticos na materia de física e química, un dos últimos acompañado da lingua estranxeira inglés.

O primeira “**Cociñando ao Futuro**” consistiu na esferificación de refrescos, entre eles Coca-Cola e Kas. Usando alginato formamos esferas coas citadas bebidas as cales




puidemos levar ao noso fogar para ensinárlelas aos nosos familiares.

O seguinte taller foi coa axuda de absolutamente todo o alumnado de 2ºESO e xunto ás profes María e Chus. O proxecto chamouse “**How do I know...?**” no que cada estudante buscou un experimento científico e fíxoo ademais de explicalo en inglés. Con cada un deles realizaron carteis con códigos QR que colocaron polo instituto para que todo o que pasase puidese observalos.

Finalmente, “**Espiando A Coroa**” co que se tratou de averiguar o diámetro dun cabelo cun láser.

Dous destes proxectos foron coa colaboración de Galicia que ademais de darnos parte do material, regaláronnos camisetas, lapis e doces.

*Ainhoa Guisande Fernández
Saray Pedreira Dominguez (2º ESO A)*



Rally científico

Alumnado de 4º ESO A participou no **rally científico** o 15 de abril de IGA Ciencia. Repartidos en tres grupos de seis persoas que debían facer unha serie de problemas de **física de química**.

Un dos integrantes do noso grupo quedou terceiro de Galicia. No día 11 de xuño foron entregados os premios

aos gañadores, que foron recollidos en Santiago de Compostela pola profesora María Rial. O resto de participantes obtivo un pequeno detalle do departamento de física e química.

Amanda Conde Lago 4ºA





Masterclass de física de partículas

O pasado 11 de marzo o alumnado de 2º Bach participamos nunha masterclass de física de partículas realizada por un dos laboratorios da USC que colabora co CERN.

A xornada deu comezo cunha explicación teórica sobre a física de partículas. Contrariamente ao que se pensaba con anterioridade, as partículas fundamentais da materia non son os protóns e neutróns que se atopan no núcleo dos átomos; senón os quarks. Os quarks son partículas subatómicas esenciais de cuxas fortes interaccións se constitúe a materia dos átomos. Aínda así, o modelo de quarks non acada o coñecemento absoluto: a maior parte do universo está conformada por materia e enerxía escuras, e no universo estudable aínda queda moito por descubrir (tal e como demostra, por exemplo, o recente

achado do Bosón de Higgs). Para poder seguir estudando a física de partículas, usáanse os colisionadores de partículas, que as aceleran ata facelas chocar. Os datos deses choques son rexistrados por unha serie de detectores e almacenados en grandes ordenadores. Os científicos son os encargados de analizar eses datos en busca de novidades con respecto á física de partículas. Este é o traballo que se está a realizar no CERN, e, especificamente, este é o traballo que está a facer a Universidade de Santiago en colaboración con este.

Posteriormente realizamos unha pequena práctica cuxo obxectivo era a identificación de partículas a través dun simulador que nos proporcionou a USC para a devandita práctica.



Mediante os “sucesos” (como así os rexistraban eles) tiñamos que identificar se se trataba dun protón, neutrón, quarks ou mesmo das súas antipartículas.

Foi realmente unha práctica interesante, posto que o noso coñecemento sobre estas partículas era moi escaso e grazas a ela tamén comprendemos que non todo ten porque ter un único sentido e que ás veces non hai unha explicación para todo, porque así é a física.

Esta experiencia abarcounos toda a mañá e pola tarde logo de xantar fixemos un pequeno debate sobre os resultados da nosa práctica, mais o máis sorprendente foi a conexión con científicos do CERN, cos que tivemos o pracer de consultar as dúbidas expostas ao longo da xornada.

A valoración que os alumnos de Física facemos da masterclass é moi positiva: puidemos achegarnos ao coñecemento científico dende un novo lugar, fóra dos estándares de aprendizaxe do sistema educativo e acceder dende unha maior proximidade ao proceso de xeración de saber mediante o método e análise científicos. Ademais, a toma de contacto non só coa figura do experto/a en física senón tamén coa do alumnado (internacional) interesado na materia resultou nunha pluralidade conversacional, que ampliou os nosos horizontes intelectuais con respecto á materia (física de partículas) e ao diálogo científico.

Ana Rodríguez (2º BAC A)

Poemas para o día da paz

Debúxanse sorrisos nas árbores
vanse as bágoas por todos os
mares
só se escoita un silencio mudo
que deixa atrás todos os males.

Cando poderá chegar o momento
de observar persoas con alegría
e que a paz sexa a maior razón
de eliminar cun sorriso a tiranía.

Noa Rodríguez Muñoz (1ºESO-A)

A guerra paralizouse
cando se escoitou chorar,
a voz tremente díxonos:
“Por favor, tedes que parar”.

Coas armas cargadas
listas para disparar
a guerra voltará
e a paz morta estará.

Lucía Iglesias Rodríguez (1ºESO-A)

A paz é un recurso
que o home non entende.
A paz é necesaria,
o home non a quere.

B. Breogán Touriñán Pulido (1ºESO-A)

Ás veces nos colexios
debuxan pombas de paz,
outros en cambio os superan
porque fan a paz en xeral.

Lisbeth Toucedo Blanco (1ºESO-A)

Eu considero a paz
a luz da humanidade
o que pasa é que cada un
a xulga á súa vontade.

Tos os anos nos deixan
recordos bos e malos,
este que estamos vivindo
non houbo paz para os
humanos.

Raúl Rodríguez Fernández

(1ºESO-A)

Nunha vila moi lonxana
as armas non existían
a xente vivía feliz
e a paz non se detiña.

Isto sería perfecto
pero é unha mentira
para poder conseguilo
hai que curar a ferida.

Nicolás Freiría Casal (1ºESO-A)

A nosa pomba branca
quérenos ensinar
que un mundo de guerra
debémolo rexeitar

Tráenos alegría
e ensínanos a amar
e para conseguilo
temos que loitar.

Alba López Alonso (1ºESO-A)

Cada segundo que pasa
é unha morte e unha vida.
Cada minuto que foxe
é un disparo fervente.

Cada hora en cada casa
é un berro de morte.
Cada ano e cada século
hai máis xente que mata.

Izan Martínez Gameiro (1ºESO-A)

As ondas van pasando
e imos a peor
seguimos a esforzarnos
e teño moito pavor.

Non me vou render,
temos moito que loitar,
a guerra contra o virus
ímolga gañar.

María Cortegoso Aragonese (1ºESO-C)

Tráenos a paz aquí aos colexios,
pomba branca que sucas o ceo,
afasta aquilo polo que sufrín,
leva o acoso ti ao inferno.

Noemí Álvarez Oliveira (1ºESO-A)

O ceo é azul;
o sol, amarelo.
A min gústame o caracol
e a ti o caramelo.
Eu non son mel
e ti non vas telo.

Jerobe J. García Vila (1ºESO-C)


Todos esperamos a alegría,
pomba branca que saes nos ceos,
pero debemos seguir loitando
para que a paz traías a todos os
nenos.

Shaila Casaleiro Peña (1ºESO-A)

Mirando o ceo encontreime
cos teus ollos a chorar
pola perda tan grande
que che acaba de pasar.

Non chores, miña nena,
que todo se pasará,
o tempo todo o cura
e ti deixarás de chorar.

*Santiago Iglesias Ribeiro
(1ºESO-A)*



Día de Rosalía de Castro


Un ano máis o IES Ribeira do Louro homenaxea a Rosalía de Castro no seu día, o 24 de febreiro. Xa era tradición en anos anteriores celebrar a “Ruada Rosaliana”: un grupo de alumnos e alumnas, de todos os cursos, saían cantar os poemas rosalianos pola contorna a ritmo de alalá, valse, muiñeira, xota ou rap. Visitabamos o Centro de día, ACEESCA, o CPI Ribeira e mesmo cantabamos no Froiz, mentres a xente facía a compra, mais este ano, por razóns por todos e todas coñecidas, non puidemos facer esta andaina musical e decidimos gravar uns vídeos coas imaxes de anos anteriores e coa voz fresquiña deste ano. Ademais do Departamento de galego colaboraron coa celebración África do Departamento de música, Noa de PROA e Víctor cos alumnos e alumnas do Obradoiro de danza de 1º de ESO.

Aquí tedes os enlaces:

<https://www.youtube.com/watch?v=QcaOK3qKsQg&t=11s>

<https://www.youtube.com/watch?v=m6oS0IJCvtg&t=5s>

Fixemos, tamén, unha exposición na entrada do IES cos traballos do alumnado que foron convocados a participar baixo o lema “Un verso, unha imaxe”, onde cadaquén fixo seu un verso ou un poema de Rosalía e ilustrouno coa imaxe que lle suxería. E todos aqueles e aquelas que se achegaban a deixar os seus versos ilustrados non marchaban coas mans baleiras, porque os agasallabamos



cuns versos da autora para que os fíxese seus e os espallase cos demais “Rosalizate” foi a chamada que lanzamos este ano onde Rosalía, sempre con nós, fixo xa 184 anos e está máis viva ca nunca.

Sen preguiza...en Galego!

CAMPAÑA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Por segundo ano consecutivo organizamos esta actividade de normalización e dinamización da lingua galega no IES Ribeira do Louro. Debido a que non podíamos axuntarnos no salón de actos para convocar unha reunión que convocase a varios cursos, decidimos facela visíbel a partir do traballo das ideas de diferentes alumnas e alumnos e grupos de varios niveis educativos. Se o ano pasado foi 3º da ESO quen mostrou as súas campañas normalizadoras a 1º. Este ano quen levou o peso foron 2º da ESO B e C, eles matinaron a maioría dos lemas que logo colocamos en forma de pés que seguen o carreiro da lingua e da vida, nos corredores ao pé das aulas do primeiro e segundo andar. A intención, desta vez, foi que a partir dos pensamentos duns poucos se visibilizasen decote, no día a día, algo que nos debe envolver e preocupar a tod@s, isto é, a promoción da nosa lingua propia.

Porque o peor galego é o que non se fala, e o galego máis riquiño é o do Porriño...



Contacontos para as nenas e nenos de infantil

Durante o mes de marzo realizamos o estudantado de Oratoria de primeiro da ESO catro sesións de contacontos nos centros con infantil da contorna. Estivemos nos CEIP Antonio Palacios, Ribeira e de Budiño, alén de na Escola de Infantil de Mosende. Foi unha experiencia moi bonita polo contacto (virtual) coas máis pequenas; pero tamén nos axudou a entender as dificultades de levar a cabo un espectáculo. Son tantos os factores que hai que ter en conta!



Día mundial da poesía - videopoemas do alumnado

O Día Mundial da Poesía, celebrado cada ano o 21 de marzo, conmemora en verbas da UNESCO unha das formas máis prezadas da expresión e identidade lingüística da humanidade. A poesía, practicada ao longo da historia en todas as culturas e en todos os continentes, fala da nosa humanidade común e dos nosos valores compartidos, transformando o poema máis simple nun poderoso catalizador do diálogo e a convivencia pacífica.

Nunha revista non é doado mostrar as calidades dos videopoemas realizados polo alumnado de 2º de Bacharelato, mais si destacar o títulos e autores escollidos: Deitado fronte ao mar, Irmaus, Eu en ti, o mártir (Celso Emilio Ferreiro) Sos (Manuel Antonio), Bando, Fuches ti quen me deprende (Manuel María), Canción do temporal, A lúa, (Luís Amado Carballo) Cunetas (Luís Pimentel), A Galicia (Francisco Añón), Eu quero oír o teu silencio, A mañá (Aquilino Iglesia Alvariños), O rei tiña unha filla (Ramón Cabanillas)

18



Bookface? Día do Libro 2021

Para celebrar o Día do Libro, este ano tivemos que ser moi enxeñosos e creativos por mor das múltiples normas restritivas que nos impediron celebrar a nosa tradicional lectura continuada no salón de actos.


Partindo desta lamentable situación, decidimos pór ao mal tempo, boa cara ou, mellor dito, ao mal tempo, “bookface”.

E que é iso do bookface? Pois o bookface, ou a arte de fundirse coa portada dun libro, é unha iniciativa que xorde hai un par de anos na Biblioteca Pública de Nova York, cando un dos seus empregados, Morgan Holzer, buscaba novas fórmulas de fomentar la lectura.

Baixo o cancelo #bookface, esta iniciativa converteuse nun reto viral que está á orde do día nas redes sociais. Este sinxelo xogo fotográfico ofrece una visión moi próxima e divertida das nosas bibliotecas.

O resultado foi marabilloso.

PARABÉNS, RAPAZAS E RAPACES.



Música para que leas

O alumnado gravou dúas cancións de animación á lectura.

Alumnado de 3º ESO e 1º BACH: “You can read for free” baseada en “Yellow submarine” de The Beatles.

O alumnado de 4º ESO interpretou “Every book you read”, unha versión de “Every breath you take” de The Police.

Un traballo multidisciplinar do Clube de Lectura e os Departamentos de inglés e de música.



Clásicos en pandemia, unha historia de colaboración*

Día do Libro 2021

O proxecto Clásicos en Pandemia foi un maravilloso exemplo de traballo en equipo. Nestes tempos tan individualista s que vivimos que máis de 80 persoas colaboren para facer un proxecto común é, cando menos, inspirador. E que o fagan en plena pandemia, con todas as limitacións que iso conleva, é case un milagre. O noso pequeno milagre naceu para conmemorar o Día do Libro 2021.

.A idea era facer unha versión extractos das obras clásicas da literatura universal de calquera época en clave de pandemia, é dicir, imaxinando como fosen esas obras se fosen escritas durante unha crise sanitaria como a actual. Indicouse que se realizasen as versións en clave de humor, mais ao final houbo reinterpretacións máis aló das cómicas.

Se poñemos Clásicos en Pandemia en cifras, podemos concretar que participaron 15 profesores/as de 7 departamentos diferentes e 70 alumnos/as.. Empregáronse catro idiomas diferentes: galego, castelán, inglés e francés.

Decidimos escribir unha obra con escenas que funcionasen a modo de fio condutor, que fosen introducindo de forma natural as distintas obras do proxecto. Escribímolos e interpretámolos, gravámolos e montámolos xunto ás obras de todo o alumnado e profesorado. O resultado final foi a película teatral Clásicos en pandemia, dunha hora de duración. Preparamos unha estrea que publicitáramos, puxémonos guapos e guapas para a ocasión, e emitimos a película, a nosa película, a película de todos/as, en cada unha de as aulas ao mesmo tempo. E entón, tantos meses de traballo deron o seu froito. As risas, as caras de sorpresa, os rostros, algúns orgullosos outros ruborizados, os ollos atentos, as felicitacións... Un traballo en equipo ben feito! Oxalá o curso que vén podamos repetir e contar con máis participantes aínda. E oxalá poidamos interpretar as nosas obras en directo.

E podería seguir, pois houbo moito e bo; con todo, a última reflexión debe servir non tanto para destacar un resultado final, senón para congratularnos por un proceso que nos ensinou moito e achegounos a compañeiros/as e alumnos/as dun modo diferente e enriquecedor. Por último, xa que isto vai

de versións, permite que fagamos unha versión dunha famosa canción e acabemos este artigo cantando: "Grazas al teatro, que me ha dado tanto".

Natàlia Regueiro Leis

**Este artigo foi publicado íntegro nos Cadernos de Teatro, editados no mes de xuño polo IES Ribeira do Louro*



Monólogos de teatro filmado Día do Libro 2021



Decameron. Historias para tempos ruíns, de Cándido Pazó · Antonio García Torres (2º BACH.-A)



O moucho aburrido, de Paula Carballeira Miriam Vila Fernández (2º BACH.-B),



Monólogo de Shylock (O mercador de Venecia, de Shakespeare) .Nicolás Freiría Casal (1ºESO-A)



Contos para a hora da cama, de Quico Cada-val, polo alumno Samuel Barros Ferreira (2ºBACH-B)

Plan Proxecta salvavidas

Durante este curso o alumnado de 3º ESO participou no Plan Proxecta Salvavidas, un proxecto para concienciar da importancia que a doazón de órganos e os transplantes teñen na nosa sociedade. David Gil e César Núñez contáronlles as súas experiencias sobre a doazón de medula e a volta á unha nova vida

grazas á recepción dun órgano.

Participaron tamén no “III Concurso de carteis” organizado pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), fixeron unha carreira solidaria polo centro e versionaron unha canción animando á doazón.



ASOCIACIÓN FRAN GIL : + SUMAN, SUMAN +

Ovenres 7 de maio de 2021, Daniel Gil, asistiu ao instituto para ofrecer ao alumnado da ESO e Bacharelato, unha charla acerca da leucemia.

Primeiramente, Daniel, presentouse, e falounos, á súa vez da “Asociación Fran Gil”, unha fundación creada non ano 2017 da cal, el forma parte. Continuou, explicándonos a grandes liñas que é a leucemia e púxonos o exemplo do seu irmán; quen padeceu esta doenza, e a pesar de que loitou e a levou sempre con pensamentos positivos (dentro do posible) non chegou a superala. De aí, xurdiu a iniciativa de Daniel para crear unha asociación que loitase contra a leucemia, tentando convencer á xente de que se convertese en doadora de medula ósea e de sangue do cordón umbilical. Ademais, esta asociación, tamén ten unha iniciativa chamada “700 camisetas contra a leucemia”, a cal pretende fomentar a doazón de medula ósea e de sangue, en Galicia e fóra desta, a través do deporte e da saúde.

A súa misión é chamar a atención ao maior número de persoas, para que se convertan en doadores, e poder así, dalgunha forma, salvar vidas.

Daniel insistiu moito en que cando pasásemos á maio-

ría de idade, se queriamos e podiamos, nos fixésemos doadores de medula, xa que como recalcou, leva moi pouco tempo e non é nada doloroso.

Ademais, a asociación, organiza marchas solidarias, coa finalidade de dar visibilidade ao seu movemento.

Como nos comentou Daniel, participaron na 20ª edición da media maratón Vig-Bay, sendo a súa fundación dorsal solidario. Tamén, son convidados a eventos realizados fóra da comunidade galega, e mesmo publicaron un libro coa historia de 700 “Un agasallo de vida”.

Penso, que a charla ofrecida por Daniel Gil foi moi interesante, emotiva e, á vez, necesaria, pois como ben explicou el, **cun pouco do noso sangue, pódese chegar a salvar vidas.**

Nicolás Mazoy García -1 Bacharelato A



Murais en tea polas letras galegas

Tras tres anos sen poder celebrar o vinte aniversario desta actividade puidemos facelo no último momento. Fixemos catro teas o 19 de decembro de 3 metros de largo por 8 metros de alto cada unha delas. Isto é algo que se leva facendo desde hai vinte anos e, polo tanto, foi moi importante para nós.

Tratábase dun debuxo modernista e art deco e art nouveau. Esta época foi de bonanza económica, viaxábase moito a países exóticos como a India e Exipto, de aí que as decoracións que se utilizasen fose animais como leóns, tigres, pavos reais. Por iso, a estética da nosa tea foi na honra destes anos e coa finalidade de, dalgún modo, sen esquecer os malos tempos que vivimos, animar a xente coa visualización deste mural.

Este curso tocounos facer esta tarefa por duplicado, un mural dedicado a Ricardo carvalho Calero, homenaxeado no ano 2020, e outro a Xela Arias, no 2021. Neste tempo tivemos presente a excepcionalidade do que vivimos coa pandemia, así quixemos transmitir con cores vivas o ánimo a todo o pobo. Deste xeito, o mural de Xela Arias foi florido, colorista, alegre, rechamante... pois estamos ademais no mes das flores.

O deseño inspirouse na estampación dun pano de papel de Zara. A inspiración para calquera cousa que fagamos, se temos os ollos "abertos" e unha boa disposición, po-

demo extraela de calquera motivo. As teas colocáronse no Centro Cultural da vila, sede da Biblioteca municipal e, a maiores, fixemos outro pequeno mural de 3 metros de largo por 4 de alto que se pendurou na varanda do Concello, xusto enriba do despacho da Alcaldesa.

Cando xa pensabamos que remataríamos de pintar todo, a Delegación da Xunta en Vigo, pediunos para a celebración do 17 de maio, día das Letras Galegas, se lle podíamos facer outra tea, posto que lles encantaron as citadas. E conseguímolos só nunhas horas!

Estamos moi agradecidas ao Concello do Porriño porque grazas a el puidemos realizar esta actividade. Grazas tamén aos profesores que viñeron connosco e colaboraron neste proxecto.

As imaxes fan referencia á preparación dos murais referidos. A meirande parte corresponden ao das Letras Galegas 2021, que se levou a cabo na Praza do Cristo do Porriño, por parte do alumnado de de 3º, 4º da ESO e 1º de Bacharelato da materia de educación plástica e visual, baixo a coordinación da nosa profesora María José Iglesias

Artigo redactado polas alumnas de 3º ESO A: Sofía Bugarín, Ainara Corral, Laura Dios, Uxía Domínguez, Irene Martínez e Aroa Bande.



Pleno infantil no Concello

Unha das moitas actividades que nos presentaron este ano foi un pleno infantil, organizado polo Concello do Porriño e eu, Paula González, e o meu compañeiro Nicolás Freiría, tivemos a sorte de participar.

Neste pleno só falamos rapaces e rapazas e achegamos as nosas ideas para mellorar o Porriño, o cal está moi ben xa que desta maneira pódese ver cales son os gustos e necesidades da nova xeración. De cada centro dos que participan escollen a dous mozos ou mozas os cales elaboran un texto de dous minutos e o levan ao Concello do Porriño para lero; é unha moi boa ensinanza xa que dende pequenos, desta maneira, podemos aprender moito, como que é un pleno e os distintos cargos que dan as persoas que traballan nel, aprendemos a redactar textos breves con cohesión e a falar en público, entre outras moitas máis.

Este pleno faise polo compromiso do Concello do Porriño (coma o doutros tantos) co proxecto “Cidade Amiga da Infancia” organizado por UNICEF co que non é a primeira vez que escoito falar del, mais este ano quedei un pouco triste xa que eu vía os anos pasados a compañeiros e compañeiras ir ao Concello, cunha retransmisión en directo velos expor... Este ano, por mor da pandemia non puidemos ir alá e sentírnos verdadeiros deputados e deputadas, se non que o fixemos coma se fai todo nestes tempos: vía telemática, cunha vídeo chamada.

Se tivese que contarvos diría que foi unha experiencia un tanto estraña xa que nunca o fixera pero tampouco puiden facelo de todo xa que iso tan divertido de ser parte do concello non o sentín, gustárame sentarme alá, ler o que escribín e ter a experiencia completa; en cambio simplemente fun onde o compañeiro co que ía a expor e co resto da súa clase como público ler os nosos textos, aínda que non ir ó concello non quitou que estivera moi nerviosa ou que o estragase, aínda que creo que o maior problema foi o ocasionado pola rede e as interrupcións de conexión (e claro, que sen querer tocamos botóns que non debiamos).

Malia todo foi unha experiencia divertida que repetiría e



Ile desexaría a calquera que a vivira porque ademais de presentar, tes que escribir o texto e organizarte sobre como o vas dicir.

Para rematar déixovos aquí un pequeno fragmento de cada un dos nosos discursos, que malia a mestura de idiomas, espero que vos guste: ...

Pienso que tienes derecho a...

Derecho a ser feliz, a vivir con la felicidad a tu lado y nunca dejarla ir, pues es lo que hace que la vida sea hermosa.

Derecho a querer y ser querido, pues la vida sin cariño es triste y fría. Derecho a ser libre, ¿pues qué es la vida sin libertad?

Derecho a estar seguro, a vivir sin miedo de que alguien o algo termine para siempre con tu vida....

- Evitar que nos manden ao hospital por pequenas doenzas, polo que tamén nos gustaría un incremento no presuposto sanitario para o aumento de maquinarias.
- Que cada doente sexa atendido o tempo que precise.
- Que diminúan as citas telefónicas, pensamos que se nos podemos asistir ás clases, a sanidade, dentro do posible, tamén debería ser presencial

cos... Na actualidade hai moitos animais que viven nas rúas, talvez os abandonasen. É unha mágoa. Os lugares de recollida dos animais cada vez están máis cheos.

Outro tema moi importante do que falar, son os zoos. Desde pequenos gústanos ir ver os, tigres, leóns, panteras, xirafas... Pero algún día pensastes o mal que o poden pasar? Encerrados e sen apenas sitio para o lecer. A meirande parte destes non están no seu hábitat. Un tema do que reflexionar. Non si? Nós pensamos que debería haber outras alternativas.

Gustaríache a ti estar alí pechado?

Para nós, os animais son coma se fosen persoas. Desde pequenas gústannos os animais, aínda que hai xente que os ten como xoguetes e non coñecen os cuidados que estes requiren.

Zaira e Lía 2ºESOB

ARTIGOS, REPORTAXES



Os animais son compañeiros de vida. Como di o dito, “O can é o mellor amigo do home”. Estes animais ou outros coma os gatos, axudan as persoas con distintas diversidades; non so físicas senón psíquicas, por exemplo na soidade. Moitas persoas séntense soas, e son eles, os animais, quen os acompañan. Tamén no caso dos cegos, que non poden ver, nestes casos os cans os guían. Poderíamos falar disto todo o día, pero estes son os casos máis coñecidos.

Existen moreas de tipos de animais: salvaxes, domésti-

O Porriño. Guía de turismo

Claudia Alonso Álvarez, 3º ESO C

O PORRIÑO GUÍA DE TURISMO

Claudia Alonso Álvarez 3º ESO C

Localización e poboación:

- ▶ Forma parte da comarca de Vigo e está integrado na Área Metropolitana de Vigo. Está situado na provincia de Pontevedra no suroeste de Galicia. Os Concellos que limitan son Mos, Pontearreas, Salceda de Caselas, Tuf, Gondomar e Vigo.
- ▶ Ocupa 61,2 km².
- ▶ Ten unha poboación de 19.700 habitantes aprox.



Xeografía:

- ▶ Através do río Louro, tributario do río Miño. Ocupa o centro dun amplo val chamado Val da Louriña. Cara o límite sur do Concello hai unha zona pantanosa chamada Gándaras de Budiño, zona de aninhamento de aves migratorias e un dos ecosistemas máis ricos de Europa con moitos patos ao redor.



- ▶ O Porriño divídese en oito parroquias:

- Aílos (Santa Baia)
- Budiño (San Salvador)
- Cans (San Esteban)
- Chenlo (San Xoán)
- Mosende (San Xurxo)
- Pontellas (Santiago)
- Porriño (Santa María)
- Tomeiros (San Salvador)



Historia:

- ▶ Entre os séculos VIII e III a. C., a península ibérica estaba poboada por diferentes pobos que vivían en plena Idade da Ferro, localizándose ao noroeste peninsular os Galacos, entre eles os seus pais fundadores, os Grovios.
- ▶ Ocupaban a zona do val e desembocadura do río Miño, illas Cíes, Bayona e a ría de Vigo, ata a serra de A Grova, entre Galicia e Portugal.
- ▶ As relacións comerciais entre os distintos primeiros poboadores fan xurdir rutas e O Porriño nace como posto de cobro impositivo para as carretas que intentan entrar nas cercanías da capital grovia. En principio non é máis que unha atalala fronteiriza, pero co tempo e a riqueza que se vai acumulando, os habitantes comezan a explotar a súa gran riqueza natural ampliando o horizonte das súas posibilidades.
- ▶ No 377 a. C., un agricultor e a súa familia son asasinados polos soldados do rei grovia Trota o Ilustre. O pobo se alza en armas contra a capital e marchan ás ordenanzas de Ghroviary o Pueril, quen consegue vencer a opresión tudense e mata con desapiadada furia ao rei e a súa familia como vinganza e manobra política para asegurarse o respecto dos pobos veciños. A capital é trasladada entón a "A Quinta", na actual parroquia de Pontellas.
- ▶ Os días de gloria rematan coa chegada das tropas romanas de Vespasiano ao redor do ano 70. Os romanos introducen no pobo novas técnicas produtivas e crece aquí o inicio do laborioso traballo da cantería de granito, sendo o pobo romano de Porriño o subministrador deste material para a construción de obras realizadas ao longo de todo o noroeste español.

Cultura:

- ▶ O arquitecto Antonio Palacios, cando dentro das correntes modernistas atopará no Porriño un dos elementos que máis renome acadaron, grazas á construción da casa do concello.
- ▶ Construída en 1921 tras o forte deterioro da casa do concello anterior, construíuse con pedra local facendo un edificio innovador nos conceptos arquitectónicos, pero con unha clara presenza do espírito clásico das catedrais fortalezas na época da expansión cristiá dos séculos IX e X (catedrais de Zamora, Toro ou Salamanca). A solución do pórtico á entrada do edificio dálle continuidade á zona de soportais da irregular praza na que se localiza. O pórtico que se abre na base da torre serve de entrada principal dotando ao conxunto dunha gran mobilidade polo complexo xogo de volumes graduados que deseñou Palacios na súa vila natal.



24

- ▶ Do mesmo autor queda tamén o Templo de San Luís, antiga entrada á estación de metro de Madrid, doado á vila polo concello da capital, así como a casa da Botica Nova, propiedade do irmán de Palacios como vivenda e farmacia da vila.
- ▶ O Porriño é un enclave de rutas, un cruce de camiños que articulou unha vila típica das zonas de intercambio, un espazo dinámico e aberto ás influencias. Á arte e o patrimonio son a herdanza dun pobo, e cando máis continuidade se atopa nesta herdanza, máis se fala dun pobo con nome propio e orgulloso do seu pasado, como firme apoio cara ao futuro que nos espera.



Turismo:

- ▶ No Porriño hai moitas rutas de senderismo que permiten estar en contacto coa natureza. Hai moita flora e fauna con vexetación acuática e palustre.



O sendeiro das Greas

- ▶ O sendeiro das Greas é un sendeiro de longo percorrido que discorre polas terras da área metropolitana de Vigo, cun percorrido de máis de 200 quilómetros, dos cales arredor de 22 transcorren no concello do Porriño. O percorrido polo val da Louriña, de dificultade media-baixa enmárcase entre dous puntos de gran forza paisaxística, o Faro de Budiño e o Galineiro.
- ▶ Constitúe un sendeiro de gran variedade que combina o carácter panorámico das altas peneidas que enmarcan o val da Louriña e os recoñecidos recursos naturais que agacha a importante zona húmida das Gándaras. Tamén cómpre destacar as paisaxes agrícolas do val, cheas de elementos etnográficos, e que se espaxean nunhas terras de cultivo que teñen nas pastas de granito dos lindeiros e emparrrados un dos seus máis característicos sinais de identidade.



O sendeiro dos muíños

- ▶ O sendeiro dos Muíños, de dificultade media-baixa, ten 8 quilómetros de lonxitude e transcorre por zonas de elevado interese natural e etnográfico. O percorrido realízase case na súa totalidade por pistas de terra en bo estado.
- ▶ O punto de partida é a igrexa parroquial de Santa Baia de Aílos, do século XVIII. Dende alí avanzamos polo camiño do viciacris, conxunto de 14 cruces das que poderemos observar un bo número delas. No barrio do Castro apreciaremos o seu cruceiro, posiblemente do século XVIII, así como os muíños de auga. Entre penedos de formas curiosas chegamos aos puntos máis elevados do percorrido, con fermosas vistas: A Veiguiña, o Aíto do Corvo e o Penedo do Porco Rachado, coa mellor panorámica posíble sobre as canteiras de granito rosa do Porriño. Logo, o percorrido descende, pasa moi preto das canteiras e remata de novo na igrexa parroquial de Aílos.



O sendeiro das Insuas

- ▶ Este sendeiro, de 9 quilómetros de percorrido e dificultade media, transcorre pola parroquia de Atios, con fermosas vistas sobre o val da Louriña. É un sendeiro circular que parte e remata no merendeiro da Veiguiña. Dende ali descendemos ata o lugar das Insuas. Máis adiante atopáremonos coas características formacións de penedos. A través de camiños nos que poderemos observar a flora autóctona, pasamos pola zona do Roupeiro e chegamos a un miradoiro dende o que podemos gozar da grandiosidade do Faro de Budiño e das vistas sobre o val. O camiño segue ata a zona de recreo Chan das Insuas para rematar de novo na Veiguiña.



Ribeira do Louro - Gándaras de Budiño

- ▶ Dentro da Rede Natura 8 km. Dificultade baixa, para realizar a pé ou en bicicleta. Inicio e remate no observatorio ornitolóxico das Gándaras.
- ▶ O noso percorrido comeza na Lagoa de Budiño, espazo de grande interese ecolóxico no que destaca a presenza das comunidades biolóxicas características, como o ambrollo e a espiga de auga, o bosque caducifolio de ribeira (ameneiro e salgueiro), e o sotobosque. No que respecta á fauna aínda se conservan numerosas especies, moitas delas ameazadas, como a cerceta, a garza pequena, o picapetío, a contra, o espillento, os pintafontes, os caballos do demo, ou os sapoconchos, que contan nas ribeiras do Louro coa poboación máis importante de Galiza. E remata na ponte do Barranco.



Patrimonio

- ▶ Ademais O Porriño conta con numerosos mullíños de auga, edificacións discretas situadas no curso de ríos, regatos e regos e que son unha parte fundamental do noso patrimonio etnográfico e histórico.
- ▶ E con hórreos que desempeñaron un papel fundamental nos pazos e nas casas nobres do Porriño.



Gastronomía:

- ▶ Un dos elementos máis destacables é o pan de Porriño, realizado en fornos de leña de máis de dúas séculos de antigüidade (aínda se utilizan nalgunhas panadarías), con materiais de primeira clase que fan que o pan, a rasca e o roscón doce se comercialicen máis alá das súas fronteiras.
- ▶ Para desfrutar dos platos locais, nada mellor que asistir a algunha festa de carácter gastronómico como a Festa dos Cellos, a finais do verán, a Feira Apícola das Rías Baixas, con produtos relacionados co mel, a Feira dos Cogornelos, onde poderemos degustar os fungos da zona, a Festa da Fabada, en Torneiros, a Festa da Zorza e Ourella, en Pontellas, a Festa do Cabrito ao Espeto, en Chento, celebrada o primeiro domingo de agosto e na que se elabora o cabrito ao espeto seguindo unha tradición de hai máis de 50 anos.



O Val da Louriña

Sergio González Martínez, 3º ESO C

O VAL DA LOURIÑA

SERGIO GONZÁLEZ MARTÍNEZ – 3º ESO C

- O Val da Louriña é unha comarca histórica da provincia de Pontevedra formada polos concellos de Mos e O Porriño.



MOS

- Mos é un municipio situado na provincia de Pontevedra.
- Forma parte da área metropolitana de Vigo.
- Aséntase no val do río Louro (Val da Louriña).
- Ten unha superficie de 60 Km2 e unha poboación de máis de 15000 habitantes.
- Limita con Vigo ao oeste, Ponteareas ao leste, e O Porriño ao sur e com Redondela ao norte.



HISTORIA

- En Mos encóntranse moitos restos arqueolóxicos, que indican o poboamento de tribos prehistóricas. Tamén hayidatos que indican, que unha vía romana comunicaba Braga con Lugo e Astorga.
- Coa creación dos primeiros concellos constitucionais en España, no ano 1833, crease tamén o da Mos, formado dende o primer momento polas dez parroquias que ten na actualidade (Cela, Dornelas, Guizán, Louredo, Mos, Pereiras, Petelos, Sanguiñeda, Tameiga e Torroso).

PATRIMONIO

- Mos presenta abundantes mostras de patrimonio arqueolóxico como os petróglifos de Laxe das Cruces e Monte Salgueirón, ou o Castro de Torroso datado como o máis antigo de Galiza. Tamén atopamos restos da cultura megalítica, como os túmulos funerarios de Cela.
- O pazo de Santo Antolín, recentemente restaurado, deu nome ao municipio. Está situado na parroquia de Louredo.
- Mos conta ademais con moitas igrexas esparcidas polas súas parroquias, como a igrexa de Louredo ou a igrexa de Guizán que conservan o seu aspecto románico.

Pazo de Santo Antolín



Petróglifo de Laxe das Cruces



Igrexa de Louredo

SITIOS PARA VISITAR



Paseo a veira do Louro

Parque Cerdeiriñas

Igrexa de Santa Bala

O PORRIÑO



- O Porriño é un concello situado na provincia de Pontevedra e que pertence á área metropolitana de Vigo; ademais de situarse no Val da Louriña.
- Ten unha superficie de máis de 60 km² e unha poboación de case 20000 habitantes.
 - Limita ao norte con Mos, ao noroeste con Vigo, ao oeste con Gondomar, ao sur con Tui, ao sueste con Salceda de Caselas e ao leste con Ponteareas.
 - Divídese en 8 parroquias: Chenlo, Cans, Pontellas, Mosende, Torneiros, Años, Budiño e Porriño.



HISTORIA

- O Porriño naceu como poboación de cruzamento de camiños xa que nesta zona había moitas vías de comunicación e o camiño de Santiago.
- Neste municipio encontráronse vestixios do paleolítico e da Idade de Bronce, o que evidencia unha ocupación do territorio.
- O xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño e o gravado rupestre do Monte Castelo son os dous bens de interese cultural do concello.
- Durante a Idade Media, O Porriño tiña castelos dos que hoxe en día apenas se conservan restos: os castelos de Mirabel e Orbenlle, e a fortaleza de Erbilone.

ECONOMÍA

- O concello de Porriño conta cunha importante industria grazas principalmente á súa situación nun importante nó de comunicacións próximo á cidade de Vigo e a Portugal.
- Este municipio conta con dous polígonos industriais, As Gándaras (é o máis antigo) e A Granxa (é o máis novo).
- Ademais O Porriño ten un produto propio, o granito "rosa Porriño", e conta cunha gran canteira.

PATRIMONIO

- Os 6 lugares máis destacados do Porriño son:
- Faro de Budiño: é un monte formado por grandes penas de granito, visible desde todo o Val da Louriña.
- Casa do Canceiro: é un edificio construído en 1921-1924 polo arquitecto Antonio Palacios. Está feito en pedra e ten unha gran monumentalidade, nel destaca o pórtico da súa parte frontal e a torre ameada. Ardeu en 1976 e o seu interior quedo destruído. Pero iniciouse unha gran reforma en 1983 e ampliouse debido á súa insuficiencia espacial.
- As Gándaras de Budiño: é un espazo natural bañado por diferentes regatos do río Louro o que forma un sistema de lagoas e bosque de ribeira.
- Roteiro da rocha e a auga en Carracedo: un percorrido circular de 4 quilómetros no que se atopan penedos, muíños...
- A Risca: zoa de 10 hectáreas dentro do Monte Gulpileira do Porriño que conta con grandes vistas ao val.
- Fonte do Cristo: fonte construída por Antonio Palacios e inaugurada o 1905.



Como contar unha historia en seis palabras?

Contan que unha vez o escritor Ernest Hemingway se atopaba tomando algo cuns amigos, tamén escritores, nun restaurante de Nova York. Estaban a conversar de todo un pouco e ao final acabaron falando sobre cal sería a lonxitude ideal dunha boa novela. Hemingway declarou que era quen de escribir unha novela con só seis palabras e os demais apostaron dez dólares con el a que non o conseguiría. A seguir, Hemingway escribiu nun pano: “Vendo: zapatos de bebé, por estrear”. O autor d^o O vello e o mar gañou a aposta: nestas seis palabras agochábase unha traxedia. (Véxase o libro de Mikael Krogerus e Roman Tschäppeler: Pequeño libro de la comunicación eficaz, de Alienta Editorial)

Pois ben, fixémoslle esta difícil proposta, na materia de Lingua galega e literatura, ao alumnado que o ano pasado cursaba 1º Bacharelato e que este ano remata a súa andaina no

centro, e agora queremos compartir con toda a comunidade educativa os seus magníficos resultados, narrativos algúns, máis líricos outros:

- O ataúde estaba pechado. Eu, dentro.
(Sara Álvarez Lorenzo)
- Naceu soa, morreu rodeada de gatos.
(Miriam Vila Fernández)
- Camiñen recto; non tropecen cos corpos.
(Lucía Collazo Álvarez)
- Unllas, dentes, ouvidos á lúa vermella.
(Ainhoa Martínez González)
- Abraíouse: no espello non había ninguén.
(Sara Álvarez Lorenzo)
- Abriuse a gaiola, esquecera cómo voar.
(Verónica Gozález Portela)
- Gústasme.
- Ven e dimo nos beizos.
Ana Muñiz Ramilo)

- Do reflexo do espello nacen ríos.
(Lucía Collazo Álvarez)
- África, sequía, familia: domando o vento.
(Paula Valencia Pereiro)
- Regreso á terra tras 100.000 anos.
(Mara Martínez González)
- Saíu pasear, nunca máis souben dela.
(Raquel Giraldez Lorenzo)
- O rousinol canta enriba do fusil.
(Lucía Collazo Álvarez)
- Miroume e sorriu: era meu reflexo.
(Ana Muñiz Ramilo)
- Ondas, tormenta, serea: o mariñeiro perdido.
(Paula Valencia Pereiro)
- De dúas sacas catro para compartir.
(Lucía García Torres)
- Póndelo difícil, pero rematarei sendo quen.
(Miriam Vila Fernández)
- Agora tiña ás, así que vouu.
(Miriam Vila Fernández)

O rap visto por Daniel Antonio Vila (2ºESO-A)

Quérovos contar que no 23 de febreiro veu ao noso centro un rapaz chamado Risk, pertencente á Fundación Vella Escola (cultura urbana), que nos ensinou moito sobre o Rap. A min encántame este estilo musical e el explicounos a forma de compor os versos e mais a importancia das rimas e da base. Tamén se falou algo sobre o flow e sobre como son os tempos das bases. Encantoume o seu xeito de explicar e o feito de que fixésemos un rap sobre un poema de Rosalía de Castro.

O rap gústame dende que era un meniño, e os meus rapeiros preferidos son Trueno, Wos, Chuty, Azcino, Soge, Frijó e algúns máis. Eu non son moi bo, pero improviso na miña casa e cos meus amigos. As miñas improvisacións son moi románticas e moi fortes. Non son un experto en rimas, pero algunhas veces utilízoo porque quedan moi ben. Vouvos escribir dúas rimas:

“Mira, como cho explico, eu quero estar contigo, por ti me vou ao infinito e o meu amor é eterno, e así cho digo ou cho repito”. “É moi fácil gañar a xente, porque nisto eu son valente e sempre o fago coa mente”.

Eu sempre lles digo o mesmo ás persoas que coñezo que non queren facer rap: “Se non probas, non vas ver o bo que ten”. E ao final, a xente acaba facendo rap comigo. A algúns envíolles algo polo móbil, para que o intenten dicir e despois corríxoos.

Para min o rap, como dicilo, é a miña vida, xa que sempre quero aprender dos meus erros e poder chegar a ser un dos mellores rapeiros de Galicia. Tේnome proposto facer unha canle de Youtube sobre rap e ir ensinándoo todo sobre esta forma de compor.

Que é o Rap? É facer cancións, ou non, con rimas e versos. Sempre temos que ter en conta que un verso ten que posuír oito ou dezaseis sílabas.

Que é unha improvisación? É un rap inventado no momento, por iso dixeran antes que non facía falla que fose unha canción.

Que é a base? É a parte instrumental dun rap ou dunha

canción. É algo que sempre ten que estar.

Agora imos con algo un pouco máis difícil e logo hei falar sobre o flow.

Que é o dobre tempo, o triplo tempo e as metralletas?

O dobre tempo é doado de entender: trátase de rapear o máis rápido posible ou un pouco máis rápido, con pausas de ata tres segundos. No triplo tempo trátase de rapear sen respirar. E as metralletas consisten en rapear o máis rápido posible e sen respirar, é dicir, en xuntar o dobre tempo e o triplo tempo.

Como se poden clasificar as batallas por niveis?

Rapear só na casa.

Rapear diante da familia.

Rapear diante dos amigos.

Rapear na praza: consegues admiradores e olladores de rap, que te poden subir ao quinto nivel.

Quinto chanzo: comeza a ser liga.

Praza: patrocinado por Monster.

Batallas de galos: patrocinado por RedBull

FMS (Freestyle Master Sesion)

FMS Mundial.

Que é a FMS?

É o máis alto rango. Aí enfrontaste primeiro contra os mellores do teu país e despois os tres primeiros clasificados van ao mundial, que é un torneo para ver cal é o mellor país nese ano.

Que é o flow?

É algo así como a vestimenta, o xeito de rapear: se cambias a voz para que quede mellor, se estás improvisando e copias como fai o rival para deixalo calado, sen poder dicir nada, se vas ao ritmo da base e dis cousas fermosas ou moi “rompedoras” para calarlle a boca ao rival, e que a xente comece a saltar ou a berrar e que el non poida rapear.



O mestre rapeiro dando unhas instrucións a Daniel.

Son os videoxogos arte?

SARA ÁLVAREZ LORENZO (2ºBACH-A)

Se ben xa existe un lugar académico (institucionalizado) dende onde se está a falar do videoxogo partindo da base da súa inherente faceta artística como medio de expresión/creación, a conversa pública segue a debater (ou mesmo a negar categoricamente) que o videoxogo poida ser arte. Nos medios de comunicación tradicionais (especialmente a televisión), máis achegados ao conservadorismo e aos intereses empresariais, non se fala da actualidade artística relacionada coas linguaxes virtuais. En xeral, a súa maneira de tratar o medio videolúdico faise dende os beneficios que produce como industria ou do seu potencial daniño nas xuventudes, en moitos casos caendo nunha perigosa banalización en pos de acadar un maior sensacionalismo. O seu carácter artístico, nos mellores casos, cuestiónano: son os videoxogos arte?

Porén, a interrogante que tanto parece repetirse nestes grandes altofalantes é brétema: a controversia xa hai tempo que foi discutida polos interesados (e implicados) nela. En realidade, esa interrogante chega aos nosos tempos dende ecos antigos: nunca tivemos unha definición exacta do que é arte. Houbo grandes artistas dentro e fóra das Academias e os nosos relatos históricos desvalorizaron mesmo a culturas ou grupos demográficos enteiros (mulleres, persoas de cor; a propia cultura galega, catalá ou andaluza en España); é dicir, se os videoxogos son arte ou non é unha cuestión de óptica, ou, o que é o mesmo, de relato (tanto cultural como propio). Isto é: depende. Cadaquén que escollo o que prefira; tendo sempre en conta as consecuencias que da súa elección se derivan.

No meu caso particular, parto da base de que o videoxogo, como a literatura, a pintura, o teatro, a poesía ou o cine, como calquera texto cultural en xeral (texto en tanto que todo produto cultural precisa ser escrito/deseñado e require sempre dun lector), é arte en potencia: pode selo ou non. Que o sexa (ou non) resúltame case indiferente. *Indiferente* porque, na análise formal, semiótica ou simbólica (de significación), o videoxogo baséase nunha serie de estruturas retóricas comúns a todo o medio; *case indiferente* porque a acepción de Arte implica unha serie de consecuencias (de prestixio social, de relación coas esferas históricas de poder) que dan para toda unha conversa diferente.

Con respecto a esas arquitecturas retóricas do videoxogo, estas participan de diversos medios artísticos (en tanto que o videoxogo é un medio híbrido): da pintura, da música, da fotografía, da literatura, da poesía e do teatro. Por tanto, a análise anatomizada destes elementos pode facerse dende os marcos teóricos elaborados academicamente en cada respectivo campo.

Secomasí, o videoxogo conta coa súa “propia” linguaxe: a **retórica procedural**. A retórica procedural é un concepto que fai referencia ao peso simbólico das **estruturas mecánicas** do videoxogo. Estas estruturas



mecánicas (na academia inglesa coñecidas como “*gameplay*”) designan o propio sistema de interacción dun videoxogo en particular, isto é, a maneira na que un actante (ou xogador) ten a posibilidade de interactuar co mundo virtual que se lle presenta e, en base a esa interacción, xerar un relato.

Por exemplo¹: a maneira na que un se move en [Mario](#) e en [Inside](#) é radicalmente diferente, malia a que ambos mundos carecen de espazo tridimensional (un só pode moverse en dúas dimensións: vertical e horizontal) e teñen como elemento central das súas mecánicas o salto. En Mario, o movemento é lixeiro, áxil, alegre mentres que en Inside contribúe a crear unha atmosfera de angustia porque, malia ser un neno o protagonista, o seu corpo é pesado, séntese caer, custa esforzo moverse.

A retórica procedural de por si xa ofrece unha morea de novas maneiras de narrar, dado que posibilita a narración dende o movemento: o actante é capaz de sentir fisicamente o peso material de mundos ficcionais. Isto enfatiza o cambio que estamos a ver dende a narración estática hexemónica cara á narración dinámica, desenvolta coas linguaxes tecnolóxicas².

A esta análise compartimentada da retórica procedural, cabe sumarlle a análise compartimentada das linguaxes propias dos outros medios que participan da arquitectura xeral dun videoxogo (pintura, música, literatura...) e a interrelación (ou mesmo homoxeneidade) que se establece entre todos eles.

Velaquí algúns exemplos de videoxogos que, ademais da miña preferencia por eles, ofertan esta amálgama de linguaxes expresivas: [What Remains of Edith Finch](#) (a narrativa como estética), [Journey](#) (a inmensidade como espazo explorable), [Gone Home](#) (os relatos nados dos obxectos que nos arrodean), [Her Story](#) (unha relectura da literatura de misterio), [Sayonara Wild Hearts](#) (o modernismo tecnolóxico e a sinestesia no videoxogo), [Baba is you](#) (a significación da sintaxe ou xogar cos alicerces do videoxogo).

1 É recomendable visionar os *trailers* de cada videoxogo para entender mellor o exemplo, se se quere.

2 Con narración dinámica quero facer referencia a todo ese tecido artístico de carácter virtual no que o relato se vai xerando co propio espectador/lector/actante, non só durante o seu proceso de lectura, senón tamén coa súa propia presenza nesa obra.

Saúde mental, a gran esquecida

AINHOA MARTÍNEZ GONZÁLEZ (2ºBACH.-A)

“O estado da túa vida non é máis ca un reflexo do estado da túa mente”, iso afirma o psicólogo Wayne Dyer. Pero que é realmente a saúde mental? A saúde mental é o estado que inclúe o noso benestar emocional, psicolóxico e social. Afecta á forma en que pensamos, sentimos e actuamos cando enfrontamos a vida. Así, o estado mental dunha persoa non soamente inflúe no propio individuo senón que tamén na súa contorna: familia, amigos Como moitas outras doenzas, as mentais poden estar provocadas por diversos factores: os biolóxicos, como os xenes, as experiencias traumáticas ou o noso estilo de vida. Deste xeito teñen tamén un procedemento de tratamento e prevención ao que non se lle está dando a suficiente importancia, marxinando así unha parte esencial da nosa calidade de vida.

A OMS estima que 700 millóns de persoas en todo o mundo sofren este tipo de enfermidades. En España, segundo a Estratexia en Saúde Mental do SNS, calcúlase que o 3% da poboación ten unha enfermidade mental grave como a esquizofrenia. E preto dun 15%, presentan nalgún momento da súa vida un problema de saúde mental como a ansiedade ou a depresión. Estas patoloxías, ademais, son a primeira causa de discapacidade, segundo a OMS. No entanto, se temos en conta que no noso país o 65% dos españois non se propuxeron nunca ir ao psicólogo nin procuraron axuda nos servizos sanitarios da saúde, é posible que a cifra difira da realidade. Malia a magnitude do problema, os trastornos mentais parecen ser considerados como un caso á parte na medicina, pois existe todo un abismo de esquecemento e negligencia que separa a atención das enfermidades somáticas e as mentais. Este descoido pódese ver reflectido no escaso orzamento para estudalas, tratalas e previlas respecto ao doutras doenzas, pois soamente o 5,2% do gasto sanitario vai destinado á saúde mental. A isto súmaselle a falta de instalacións e camas para os pacientes con enfermidades graves e cuxas familias non poden facerse cargo do seu coidado.

Un dato de interese deste tema xa mencionado é a falta de iniciativa das persoas por consultar aos psicólogos,

outro signo da pouca concienciación do problema na sociedade. Un motivo radica nas longas esperas para unha cita. A través da sanidade pública española tardan ao redor de 3 meses en atender ao doente, unha consecuencia do feito de que soamente se destinen 5 psicólogos para 100.000 habitantes de media. Mais, que pasa cos privados? Moitas familias non poden permitirse ese “luxo”. É corenta veces máis caro ir ao psicólogo que adquirir benzodiacepinas, medicamentos psicotrópicos, o que deriva en fortes adiccións e en que aumente aínda máis o problema de saúde mental.

Botando ao carón os datos empíricos, imos falar da concienciación da saúde mental na sociedade. Ata hai pouco, ir ao psicólogo ou estar diagnosticado cunha enfermidade deste tipo era considerado un tema tabú, algo do que avergoñarse. Pouco a pouco imos avanzando cara á normalización destes problemas pero non na súa aprendizaxe. Os nenos e adolescentes e os non tan nenos nin tan adolescentes non saben xestionar as súas emocións nin expresar o que senten. Isto podémolo considerar como falta de saúde mental, pois non necesariamente “saúde mental” e “enfermidade mental” son dous conceptos opostos, é dicir, a ausencia dunha desorde mental recoñecida non indica que se goce de saúde mental. Situacións que nos pasan na vida, como quedar sen traballo ou a morte dun familiar, poden dar lugar a enfermidades como a depresión ou a ansiedade por non saber xestionar o que sentimos.

Chegados a este punto, a concienciación e a aprendizaxe resultan clave, en especial se temos en conta que as enfermidades deste tipo constitúen un problema de saúde de primeira magnitude que non só afecta ao paciente, senón tamén á súa contorna e relacións sociais. Malia ir avanzando aos poucos sobre o tema da saúde mental, segue sendo unha gran esquecida debido á falta de recursos dos que se falou con anterioridade. Con maior apoio, investigación e normalización, as xeracións futuras poderán gozar de maior calidade de vida, sabendo xestionar as súas emocións e contando con especialistas ao seu carón.

Historias dos meus avós

É un traballo feito polo alumnado do profesor Victorino García na materia de Xeografía e Historia:

RELATO DA GUERRA CIVIL

O 18 de xullo do 1936 comezou en España a Guerra Civil Española que finalizou o 1 de Abril de 1939.

As persoas obrigadas a prestar servizo militar nesa datas non tiveron outra opción que acudir o chamamento e se non o facían expoñíanse a ser perseguidos. Foi o caso do irmán do meu bisavó que foi chamado a combater nague-rra. Polas súas circunstancias familiares intentaron buscar outras alternativas xa que acababa de casar e estaba a punto de ser pai. Existía a posibilidade de que fose substituído por outro irmán e por iso o meu bisavó Eliseo acudiu no seu lugar. El sempre contaba as situación difíciles que tivo que vivir. Pero sempre recordaba unha enparticular como a máis difícil da súa vida e dicía que o marcou para sempre.

Foi na batalla de Brunete en xullo de 1937, nesa batalla considerada a máis sanguenta da Guerra Civil xa que se produciron o maior número de baixas. O meu bisavó tivo que

facerse o morto, xa que morreron todos os seus compañeiros, para poder sobrevivir.

Camiñou durante máis de catro días e catro noites ata volver atopar xente do seu bando.

Nós conservamos a súa pistola como recordo desa fazaña o cal o fixo un home moi forte, capaz de afrontar calquera adversidade.

Sempre está na nosa memoria e recordámolo como un home forte, loitador que morreu con 96 anos e sen perder nin un só día da súa vida a vitalidade que tanto o caracterizaba.



Informante: Eliseo Pernas Valle
Autor: Raúl Rodríguez Fernández.



23F

Na tarde do 23 de febreiro de 1981, o meu avó Pepe regresaba a casa despois do traballo no seu coche, cando escoitou na radio unha noticia impactante:

“ En Madrid, un grupo de militares dan un golpe de Estado no Congreso dos Deputados ”.

No Congreso estaban votando a elección do presidente do Goberno Leopoldo Calvo Sotelo, cando o coronel Tejero e outros militares entran con armas disparando e atemorizando os deputados e deputadas. Ao mesmo tempo en Valencia saen os tanques á rúa.

O meu avó non daba crédito do que estaba escoitando, nervioso aparca o coche e dirixese cara á súa casa, e polo camiño atopa a un rapaz de máis ou menos dezaioito anos, vestido co traxe de militar que viña de permiso de Figueirido, que era unha base militar que había en Pontevedra.

Cando o meu avó se achegou a el deuse conta de que estaba chorando. Entón meu avó díxolle:

-Por qué choras? Xa sabes o que está pasando en Madrid?

Ao que el respondeu:

-Porque teño medo de que veña unha guerra e eu teña que ir.

Nese momento meu avó, recordou o que lle contara o seu pai cando era pequeno da Guerra Civil española, na que o seu pai participara.

Unha vez na casa tanto a miña avoa como meu avó estiveron toda a tarde moi preocupados, escoitando a radio e seguindo as noticias. Tamén chamaron á familia e aos amigos.

Un veciño do mesmo bloque despediuse deles esa mesma tarde porque fuxía a Portugal, xa que el cría que polas súas ideas políticas poderían vir á súa casa e matalo.

Meus avós non estaban preocupados por eles mesmos xa que non participaban na política, pero sí polo que puidese acontecer para o país.

Horas máis tarde o meu avó conta que o Rei falou para todos os españois na TV apoiando a Constitución da forma que os militares se botáron atrás.

Ao día seguinte os golpistas entregáronse e foron condenados a 30 anos de cárcere.

Así finalmente foi o feito do 23 F contado polo meu avó.

María Iglesias Rodríguez 1ºESO B

A REVOLUCIÓN DOS CARAVEIS

O 25 de abril de 1974, os meus avós atopábanse de viaxe en Lisboa (Portugal). Xusto nese día, sucedeu un acontecemento que marcaría un antes e un despois nese país. Convocouse un levantamento militar, o cal, provocou a caída do réxime de Portugal (instaurado polo ditador Antón de Oliveira Salazar), que non convocaba eleccións democráticas dende 1925. O fin deste goberno, coñecido como Estado Novo, restaurou a democracia en Portugal case cincuenta anos despois, permitindo que todas as provincias non europeas (excepto Macau) lograsen a súa independencia antes de concluír o ano 1975.

Un dos fitos daquelas concentracións foi a marcha das flores en Lisboa, caracterizada por unha multitude chea de caraveis. De feito, unha camareira, Celeste Caeiro, que regresaba á casa cargada das flores retiradas dos adornos dun banquete suspendido pola situación, non puido dar o cigarro que un soldado lle pedía desde un tanque, e como a camareira só levaba un feixe de caraveis, deulle un. O soldado púxoo no seu canón e os compañeiros repetiron o xesto, colocando os caraveis nos seus fusís, como símbolo de que non desexaban disparar as súas armas. Este feito divulgouse por toda a cidade ata chegar a ser o símbolo dunha das únicas revolucións nas que non houbo violencia: nin mortos, nin feridos... nada.

Eses días foron de moita tensión, e os meus avós, ao verse inmersos nesta situación, empezaron a preocuparse. Un día, o meu avó foi falar coa embaixada de España en Portugal, e preguntoulle se había algún problema para saír de Portugal. Ao descubrir que non había ningún

relaxáronse, e volveron sen ningún incidente.

Agora gardan estes recordos como curiosas anécdotas que, por suposto, son moi interesantes e dignas de recordar.

Informante: *María Adelaida Lomba Lomba. (Miña avoa por parte de pai)* **Autor:** *Antón Sío Lago.*



EMIGRACIÓN A VENEZUELA

Cando nosos avós eran novos, non había case diñeiro en España, polo que moitos tiveron que emigrar coma o meu avó e esta é a súa historia:

Corría o ano cincuenta e oito cando el tiña dezasete anos e vivía aquí, no Porriño, con seus pais e seu irmán. O problema era que o diñeiro escaseaba polo que tivo que emigrar a Venezuela, onde había mellor situación económica, pois aquí cobraba como moito vinte pesetas ó día e non lles daba para vivir; entón o pai dun amigo de meu avó, que era case coma familia porque o meu avó vivira con eles cando era pequeno, preguntoulle ó meu bisavó se o meu avó quería ir a Venezuela co seu fillo a traballar e gañar máis diñeiro, dixeron que si e un seis de xuño de mil novecentos cincuenta e oito colleu un barco francés no porto de Vigo chamado Antilles.

Meu avó quería ir porque á parte de necesitar diñeiro el viviu nos tempos de Franco, onde era obrigatorio facer o servizo militar se tiñas menos de trinta anos e iso era algo que el non quería. No barco pasou dez días e moitos mareos ata que dez días despois, o dezaseis de xuño do mesmo ano atracou no porto La Guaira en Venezuela; unha anécdota que me contou, bastante insignificante pero que el recorda con detalle foi que o primeiro día que estivo no barco puxéronlle de almorzo un bacallau moi seco con patacas adobadas, a cal era unha comida bastante usual en Francia, e el en vez de sacarlle a pel ás patacas adobadas comeuna porque pensaba que se comían así; a parte boa foi que dende ese día non volveu comer patacas con pel se así llas servían; ademais díxome que fixeron unha viaxe moi completa pois pararon nas Antillas e en Puerto Rico, onde baixaron a facer turismo; outra cousa que me chamou a atención da súa viaxe era o barco, pois era un transatlántico enorme que tiña ata piscina, aínda que el non podía desfrutala, porque só era para os de primeira clase e el era de segunda.

Cando chegou a Venezuela quedou estrañado, pois nunca vira unha paisaxe igual xa que el estaba acostumado á típica paisaxe galega e aínda que os primeiros quince días sentiu unha terrible nostalxia, o cal é normal pois un mozo menor de idade noutro país e noutro continente sen a súa familia dá moito respecto. Despois chegou ata a vila na que quedou a vivir, que se chamaba Fila de Mariche e para chegar foille bastante difícil porque a única referencia que tiña eran unhas cartas que lles enviaran ata O Porriño, e mirando a dirección do remitente tivo que ir preguntando á xente pola que pasaba onde estaba ese sitio. E aí quedou co seu amigo, o seu irmán e o seu pai, eles viviron co meu avó e tamén traballaron con el nunha granxa, a casa estaba no propio terreo dela e cada mañá levantábanse e ían traballala, facían un descanso para almorzar e despois seguían coidando da granxa, basicamente estaban alí todo o día aínda que meu avó non se queixa e é que non era un traballo nada duro e levábo moi ben, o traballo mais duro era cando chegaba o camiión co penso dos polos había que descargarlo pero nin iso, pero tamén tiña os seus contratemplos pois era unha granxa avícola onde criaban polos para despois levar ó matadoiro para poder comelos e vendelos; recordo que me dixon que un problema que tiñan eran as enfermidades dos polos, a gripe aviar e por dúas veces en seis anos tiveron que decapitar a tódolos polos para que non contaxiasen a ninguén e iso compensábanos facendo pequenos traballos de construción para os veciños; outra anécdota que me contou foi que o home que lles compraba os polos xa non llos pagaba e incluso levou dous camiións sen pagar e como xa non tiñan a ninguén que matara os polos eles decidiron montar un pequeno matadoiro na granxa para saír do apuro, pero iso pasou xa no último ano; incluso quedaron coa granxa despois de que o dono morrese e con iso moitas débedas, que non lles quedaban máis remedio que pagar. Así o fixeron, seguiron traballando ata poder pagalas todas; o máis chocante era que a pesar



das crises que tiveran nunca deixaran a granxa. O que me pareceu máis triste foi que en seis anos que estivo alá non fixese máis amigos ou simplemente coñecidos que cos que vivía, o home que lles compraba os polos e uns homes de Ribadelouro que tamén emigraran; por non falar de que tampouco botou moza, iso por non falar de que tampouco podía falar coa familia. Aínda que tiña vida máis alá da granxa por exemplo un fin de ano fora a unha especie de club que era unha asociación onde celebraran a marcha do ano e o pasara moi ben e algúns días cos amigos de Ribadelouro ata ía comer, pero non moito máis. Unha cousa que me pareceu curiosa foi que alá non tiñan os domingos coma un día de “descanso”, no que non se traballa se non que era coma un día calquera. Pero non todo foi bo pois el estivo alá seis anos e xa no último quería volver polo que empezou a non pasalo tan ben e de aí vén un dos malos momentos que pasou; el andaba bastante tenso e sufriu unha hemorraxia, e daquela onde el vivía non había hospitais e tivo que ir a urxencias, non lle quedou outra, estivo uns días sen traballar e aí foi cando dixo que quería volver a España e quería marchar dunha vez de Venezuela despois de seis anos.

Un 23 de xullo do ano 1964 volveu a España; colleu no porto da Guaira outro transatlántico, chamado Begoña, que o trouxo de novo a España, neste barco foi moito

mellor pois xa non era a primeira vez que navegaba e non se mareou tanto, ademais non tivo problema para entender as instrucións dos traballadores do barco xa que eran todos españois, a diferenza do barco da viaxe de ida, e en canto á comida tampouco ten anécdotas coma do outro barco. A viaxe de volta durou dous días máis que o de ida, é dicir, doce días, porque pararon nas Canarias polo que chegou a casa o 4 de agosto do mesmo ano. Estaba pensando que si quería volver, como é que non o fixo antes? A ver, seus pais non o sabían pero non era por iso, se non que grazas a Franco (é unha ironía) tódolos homes que viviran en España e tiveran menos de trinta anos tiñan que facer o servizo militar durante dous anos como mínimo e meu avó non quería pero tampouco quería seguir en Venezuela porque sentía que alá non tiña futuro, que non ía dar vivido alá e tras un duro debate decidiu volver aínda que iso implicara facer o que daquela lle chamaban a “mili”. Cando chegou a España, con vinte e tres anos, meteuse a facer a mili por dous anos por obrigación e cando a rematou, como non quería ser militar, dedicouse a ser albanel, a traballar na construción, e realmente el prefería coidar polos nunha granxa, mais non quería volver a Venezuela e máis cando a situación se estaba complicando tanto. E o que pasou despois, queda gardado na súa cabeceira coma un bonito, ou triste, recordo para toda a súa vida.

GUERRA CIVIL 1936

32

O meu avó contoume como el viviu a guerra civil do ano 1936. Naquela época el era moi cativo, só tiña 6 anos de idade.

Eran catro irmáns, a maior chamábase Angustias, o segundo era o meu avó Manuel, a terceira era Carmen e o irmán máis pequeno Xosé. Vivían nunha casa vella en Budiño, no medio de campos de cultivo, camiños e pequenos regatos de auga que había polo medio do monte.

Daquela os veciños eran case coma unha familia, xa que sempre se axudaban nas tarefas do campo e vivían moi preto uns dos outros.

Un día viron chegar aos falanxistas, (en realidade eles ao ser tan pequenos nos sabían quen eran e polo tanto contáronllo máis tarde, eles soamente vían a xente vestida de forma diferente e con armas). Os rapaces asustados achegábanse á ventá e escoitaban gritar aos seus pais e aos veciños: “Xa está aquí a guerra”.

O meu avó recorda como a súa nai os chamaba gritando para recoller catro cousas e escapar polos regatos cara a montaña. Pasaban días escondidos debaixo de penedos para que non os atopasen porque sabían que estaban matando a moita xente.

A súa nai contáballe como vían que levaban a xente en carros para ao final matalos. Tamén lles contou as maneiras que tiña a xente para poder salvarse: uns escaparon para Portugal, outros quedaban escondidos en zonas de difícil acceso e os maiores levábanlles algo para alimentarse e poder sobrevivir, e outros convertéronse en chivatos amigos dos falanxistas acusando a veciños de estar no outro bando.

Recorda vivir con medo todo o tempo, con calquera ruído incluso dun veciño xa se asustaban. Recorda a fame que pasaron durante aqueles días e despois. Recorda escoitar disparos, e xente correndo, escapando dos, como el dicía, “os malos”. Escoitaba como os maiores falaban de persoas veciñas que foron atopados mortos, uns nas súas casas e outros nos escondites porque eran delatados polos veciños chivatos, e outros non foron atopados nunca.

Ao ser tan pequenos contoume que non ten moitos recordos pero o que si lembra é pasar moito medo e fame, xa que en realidade non entendían o que estaba ocorrendo.

-FONTE: Manuel Rodríguez Vila .

-AUTORA: Noa Rodríguez Muñoz 1º ESO A.



INCENDIO DE ZELTIA

O incendio de Zeltia pasou arredor do ano 1980, cando o meu pai, Jose, tiña seis anos.

Era unha mañá tranquila para os estudantes e persoas que transitaban o lugar. Mentres tanto, a fábrica que está preto do colexio Antonio Palacios, onde fabricaban botes de matamosquitos, incendiouse e as latas que fabricaban comezaron a explotar polo gas que tiñan dentro. Toda a xente tiña moito medo e comezaron a correr. No colexio comezaron a soar as sereas para avisar que había que evacuar rapidamente. Os nenos saíron correndo das aulas e foron ao patio traseiro onde había un muro non demasiado alto que tiñan que saltar. Os profesores axudaron os alumnos a saltalo. A irmá do meu pai, que é só uns anos maior ca el, agarrouno da man e correron moito. O meu pai caeu nun rego un pouco profundo do que o tiveron que axudar a saír.

Correron ata un lugar seguro co medo de que as bombas de gas que tiñan na fábrica estoupasen, xa que causaría moitos danos, pero por sorte non pasou nada máis ca iso.

Uns anos despois, cando aproximadamente o meu pai tiña doce anos, os traballadores da mesma fábrica do accidente, fixeron unha fogueira para queimar lixo, entre o que había algunhas latas de matamosquitos baleiras, pero como quedaba un pouco de gas dentro, as latas

comezaron a estoupar, pero non pasou nada máis. Pero pola terrible experiencia que tiveron todos, como acto reflexo comezaron a correr ata un lugar seguro.

Escrita por: Lara Pereiro López

Informante: Jose Manuel Pereiro Pereiro, o meu pai



A REVOLUCIÓN ROMANESA

Comezou o 16 de decembro de 1989, meus avós foron testemuñas deste feito e miña tan só tiña un ano.

Romanía dende o ano 1965 ata o final desta revolución estaba baixo o réxime comunista de Nicolae Ceausescu.

Isto comezou coa caída do muro de Berlín, xa que debido a este acontecemento, pechou toda Romanía producindo unha fame terrible na poboación. A miña nai contome que para obter comida, dábanche uns vales dependendo do número de persoas na mesma familia (entón por iso controlaban o número de fillos que podían ter) e así obtiñas a cantidade de alimentos que che correspondía.

O principio do final deste réxime, comezou cun grupo pequeno de manifestantes (no que se encontraba un profesor húngaro) o cal foi crecendo pouco a pouco ata ser unha gran maioría.

Nicolae ao ver que a xente se ía poñendo cada vez máis na súa contra, mandou fusilar a calquera que mostrara apoio a alguén que non fose el. A partir de aí, foi cando morreron máis de 800 persoas entre o 22 e 25 de decembro.

A xente das localidades asustada pola situación, empezou a matar xente que non estaba a favor deles, por iso o meu avó, tiña que levar no seu ombro unha bandeira que indicaba que estaba a favor do réxime.

Todo isto rematou cando no 25 de decembro, Nicolae

Ceausescu e a súa esposa á hora de escapar do palacio real pola azotea (debido a que os manifestantes xa entraran no palacio) foron detidos pola milicia, a policía secreta do goberno comunista, o cal estaba en contra deste.

Finalmente Nicolae e a súa esposa foron fusilados polos seus terribles actos, como por exemplo, a morte de miles de persoas. E Romanía celebrou o seu primeiro ano como unha República democrática.

-Denisa Andrea Cano Stefan 1ºESOB-



Do Porrinho a Valença do Minho

Quem gostava de fazer um roteiro? Vamos lá!



Podíamos fazer um caminho muito mais curto para chegar ao nosso destino, mas vamo-nos desviar nalgumas ocasiões para ir visitando aldeias e alguns lugares interessantes.

Primeiramente, saímos do IES Ribeira do Louro, em Torneiros, e dirigimo-nos até o centro do Porrinho. Semelha uma vila comum, mas tem mais de uma obra do famoso arquiteto Antonio Palacios!

Por um lado, temos a **Câmara Municipal**. Inspirada na catedral de Tui, foi construída entre os anos 1921 e 1924. Por outro lado está o **lendário templo da Rede de San Luis**, que fica num parque da rua central e é um arco apoiado por várias colunas em cada extremidade. Este foi um edifício cedido há 28 anos pelo governo municipal de Madrid ao local natal do arquiteto.



Culturalmente, nesta vila é conhecida a **feira dos Callos** (tripas à galega), onde se montam barracas de comida para desfrutar da culinária. Também é muito valorizado o pão, que já tem ganhado muitos prêmios.

Ao sair do centro, passamos pelo polígono industrial (onde há mais de 60 empresas) e antes de irmos para Tui, desviamos-nos às **Gândaras de Budinho**, que é um espaço natural através do qual passa o rio Louro (um afluente do rio Minho). Abrange



727 ha repartidas nos concelhos do Porrinho, Salceda de Caselas e Tui e destaca-se pela sua biodiversidade (por exemplo, é um dos únicos lugares onde ainda mora o *sapo-concho*). Além disso, aqui foram encontrados assentamentos paleolíticos que podem ser visitados graças aos trilhos para caminhadas.

Voltamos à estrada geral e chegamos a Tui, a cidade mais antiga da Galiza. Esta é uma zona significativa para portugueses e galegos, porque aqui fica a fronteira mais concorrida da região. Mas antes de irmos ao centro, vamos tomar a estrada do **Parque Natural do Monte Aloia**. Este espaço, ao longo da sua história, conheceu usos defensivos (pois esta colina é classificada como torre de vigia sobre o Minho), religiosos, florestais e recreativos. Foi o primeiro Parque Natural da Galiza, e aqui permanece em cumplicidade com o rio que a seus pés começa a despedir-se antes de entregar-se ao mar. Estende-se também pelo norte de Portugal, que o fornece de grandes possibilidades orientadas à educação

ambiental. Assim, a casa que o engenheiro de montes tudense Rafael Areses levantou no ano 1921 se emprega na atualidade como Centro de Visitantes.



Na vertente leste do Monte Aloia, nasce o rio Deique. Pela sua ribeira, há uma rota circular que começa e termina na ermida de S. Fins (Rebordáns). Aqui temos uma área de grande relevância geológica, onde ficam os populares **moinhos de Paredes**.

Agora vamos ao centro de Tui. O seu edifício mais conhecido e importante é a **Catedral de Santa María**, uma construção românica e gótica do século doze. Juntamente com a **Co-Catedral** de Vigo, é uma das seis episcopais da Diocese de Tui-Vigo. Foi construída numa época em que a diferença entre a defesa da religião e a própria vida não era tão clara. É por isso que, quando nos aproximamos, não podemos deixar de pensar que é um castelo que se ergue à frente dos nossos olhos: um castelo de fé.



Talvez a mistura perfeita do ponto de vista do turista. Quem não gosta de visitar castelos e admirar a arte que as catedrais valorizam?



Por outro lado, também temos o **passeio do rio**, um passeio ao longo da margem do rio Minho muito agradável para gozarmos das vistas da Fortaleza de Valença e da Ponte Internacional. Também podemos desfrutar dum belo balanço localizado na margem onde podemos tirar algumas fotografias. Há também um parque, um café e uma escola de canoa-gem e marina.

Finalmente, atravessamos a fronteira e chegamos a Portugal. Já só temos de percorrer dois quilômetros para chegar ao nosso destino, Valença do Minho, onde ficam muitos outros lugares interessantes a visitar, como a **Fortaleza**, a **Casa Real** ou a **igreja de Santa María dos Anjos**.

Katia Alén Pérez
Erika Álvarez Oliveira
Rocío Fernández Álvarez

CONCURSOS

Entrega de premios dos VI Concurso Xuvenil de Microrrelatos e Haikus “Agora véxote” 2020



O alumnado gañador e finalista dos concurso de 2020, quía ser entregado ía entregar os premios o 30 de abril do pasado ano, tivo que recibilos nun sinxelo acto que tivo lugar a comezos do curso no patio do instituto.

Lembramos que quedaron finalistas: Carla Díaz Campos co haiku “Antes a noite” e Pedro Lemos López co haiku “A súa caricia”. Na modalidade de Microrrelatos na categoría de 14 a 16 anos foran finalistas dúas alumnas: Sara Álvarez Lorenzo co microrrelato “A loita feminista” e Sara Castro Pérez co microrrelato “Leiteiriña”. Na modalidade de 17 a 21 anos tamén conseguiran posto na final dúas alumnas: María Maceira Pereira co microrrelato

Abre los ojos y cambia la historia” e Paula Valencia Pereiro co microrrelato “Voces”.

O premio do xurado ía ser entregado ás persoas gañadoras o 30 de abril, pero por motivos sanitarios pospúxose ata setembro.

Dúas alumnas do IES Ribeira do Louro foron as gañadoras do premio do público Sara Castro Pérez co microrrelato “Leiteiriña” na modalidade de 14 a 16 anos e María Fernández Álvarez co microrrelato “Al fin” na modalidade de 17 a 21 anos.

Moitos parabéns para tod@s

7º concurso xuvenil de microrrelatos e haikus

O 22 de Maio ás 11:00 da mañá tivo lugar a cerimonia para decidir os gañadores do concurso, a ca lse limitou a unha reunión por Zoom por mor da Covid-19.

A reunión comezou cunhas palabras dun dos organizadores e deseguido filósofa e escritora Mercedes Oliveira Malvar tamén falou.

Unha vez rematado, comezou a lectura dos haikus e relatos gañadores baseados no tema elixido este ano “Con cariño para quen te cuida”.

O instituto saíu vitorioso na categoría de 12 a 13 anos co triunfo de Paula González Domínguez co seu haiku titulado “Familia” o cal di:

*Auga e calor,
familia que nos queira
luz e pouco máis*

Tamén deixo a continuación a súa opinión sobre a reunión:

“Pareceume distinta e gustoume que non só fálase unha persoa, senón que tamén o fixese unha escritora, ademais tamén me pareceu amena e na miña opinión os haikus e relatos das outras persoas foron bastante interesantes”

Á parte desta vitoria tamén quedaron finalistas Irea Villar Vila co haiku titulado “Douvos as grazas”

*Douvos as grazas.
Soa xa non podía.
Bendita axuda.*

E eu co meu haiku chamado “Con cariño para quien

te cuida” o cal di:

*Día lluvioso,
debajo del paraguas,
de quien te cuida*

Tamén o instituto se beneficiou doutra vitoria, a de Ana Rodríguez Barros que quedou finalista na categoría de 17 a 21 anos co seu relato titulado “18 de Maio de 2020”

Na miña opinión, creo que a reunión foi bastante agradable, ademais de que te recibían amablemente. Tamén cabe recalcar que os discursos dun dos organizadores e Mercedes Oliveira estaban moi elaborados e daban moito de que pensar. Por último, gustáronme bastante os haikus e relatos dos finalistas e a verdade é que non sabería dicir cal me gustou máis.



Un club de lectura en tempos de pandemia

Este curso 2020-21 arrancou tarde e acompañado dun bo puñado de dificultades. O club de lectura non foi alleo a estas dificultades e sumou outras propias: falta dos espazos habituais para as xuntanzas, prohibición de facer saídas ou encontros con persoas alleas ao centro, nova coordinadora sen experiencia previa, familias temerosas pola pandemia, a prohibición de mesturar niveis... A situación non parecía invitar a levar adiante o club, mais pola rapazada, quixemos intentalo. Pensamos que o efecto balsámico da lectura era unha boa forma de capear a pandemia. E non debemos ser os únicos en ter esta idea, porque ao final, 98 alumnos/as entraron a formar parte do club de lectura. Case un centenar de adolescentes, nada menos.

Estes mozos e mozas déronlle vida ao club, un club de lectura en tempos de pandemia, un club que fixo malabares, coas restricións sanitarias nunha man e as ganas de contacto humano na outra. Rexeitamos deseguido a suxestión de facer as sesións por videoconferencia, xa tivemos pantallas dabondo. O que necesitabamos, tanto profes como alumnos/as, era sentir que compartiamos os libros con persoas, persoas presentes. Un club de lectura non é só un lugar onde ler, é un punto de encontro entre os lectores/as e entre os sentimentos que as lecturas comúns lle producen, é vivir unha experiencia en grupo. O que propuxemos foi celebrar as reunións ao aire libre, no patio, e se o tempo non o permitía, na aula de referencia dos integrantes do grupo, mantendo as mesmas precaucións que durante as clases ordinarias. E funcionou. Aos 10 profesores/as que aceptaron o reto e que o fixeron posible, non podo máis que dicirlles: GRAZAS.



Coa idea de facer o club menos ríxido, este ano optouse por flexibilizar a periodicidade e a hora das reunións. A consecuencia desta flexibilidade, conseguíronse formar 10 grupos de lectura, 6 na ESO, 3 en ciclos formativos e un na ESA. Os grupos máis numerosos con diferenza foron os de primeiro. Admirable a valentía de Ana Castro, Matías Rodríguez e Xoán Xosé Rodríguez, que se atreveron con estas pequenas feras cheas de enerxía.

Como novidade, cómpre destacar que, por primeira vez, se conseguiu formar un grupiño en formación profesional básica grazas á forza de vontade do compañeiro Jacob Seijas, e que o grupo de Ciclo Superior de Finanzas leu exclusivamente lecturas en lingua inglesa grazas ao compromiso do compañeiro Guillermo Comesaña. Por outra banda, retomouse a iniciativa da antiga profesora do centro Olga Lalín e formouse un grupo de lecturas inclusivas. Por lóxica, este grupo o conformou alumnado da materia de Sociedade Inclusiva de 2ºESO, levado

pola profesora Natàlia Regueiro. Do grupo de 3º encargouse Paz Orois, que foi quen de motivar a un grupiño de alumnos algo reticentes ao principio e que acabaron encantados coa experiencia. O profesor Pablo Sobral foi o monitor do grupo de 4º ESO, pouco numeroso pero moi amante dos libros. E Olga González, sempre tan lectora, embarcou aos de ciclo medio de xestión administrativa neste mundo da literatura. En canto aos adultos, a súa profesora, Raquel Castro, guiounos cara a doce experiencia dun club de lectura.



Este ano non puidemos facer saídas nin visitas, pero si fomos quen de desenvolver actividades moi diversas máis alá de comentar e compartir as lecturas. En Novembro, aproveitando o Samaín, o grupo de 1º ESO pasou a tarde somerxido en lecturas de medo, celebrando o día dos mortos con lecturas en vivo. Perdoádeme o xogo de palabras, é fin de curso e algúns xa non damos para moito. Para esta terrorífica sesión de lectura os profesores e a biblioteca vestíronse para a ocasión.



No Nadal collemos forzas e o segundo trimestre estivo cheo de actividades. En Febreiro, cos de primeiro, comezamos un obradoiro de banda deseñada que acabou converténdose nun proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística en cooperación co CPI Manuel Suárez Marquier de O Rosal para facer varios cómics sobre a vida e obra de Xela Arias. Convídevos a ler o artigo do meu compañeiro Matías sobre o proceso, paga a pena.



Os integrantes do grupo de lecturas inclusivas estiveron moi ocupados reinterpretando os poemas do libro *nós outras*, de Marica Campo e Menchu Lamas.

Gravaron uns vídeos recitando os poemas, que son un canto á diversidade. O vídeo máis orixinal fíxoo Carla Díaz, de 2º ESO C, que empregou figuriñas de lego.

A comezos de marzo, o grupo de 4º animouse a participar nun obradoiro de chaveiros de madeira coa técnica decoupé con motivos feministas para conmemorar o 8M. No mesmo mes tivo lugar o Día da Poesía e o club de lectura quixo celebrarlo cunha actividade diferente. Chamámola 'Poesía de guerrilla'. O alumnado do club de 1º ESO foi por todo o centro e dedíxose a encherlo de poesía por todas partes, escribindo unha selección de poemas nas portas, nas ventás, nas paredes, nos espellos...por todo o centro! Fíxérono ás agachadas e sen previo aviso; de xeito que cando tocou o timbre para ir ao recreo, alumnos/as e profes atopáronse con poesía misrasen onde mirasen, sen saber como apareceran eses poemas así, de repente. A rapazada pasouno en grande e toda a comunidade educativa tivo a oportunidade de desfrutar deste ataque poético.



En Abril, os departamentos de música e de inglés colaboraron co club para versionar dúas cancións para animar á lectura. O grupo de 4º cambiou a letra da famosa canción de The Police *Every breath you take* por outra que fala de todo o que nos aportan os libros. O título da versión é *Every book you read (Cada libro que les)*. Despois, coa colaboración da profesora de música África Álvarez, engadiron a música que eles e elas mesmos interpretaban nos xilófonos, guitarras e clarinete. O vídeo final quedoulles estupendo pero, sen dúbida, o mellor foi o proceso.



De xeito análogo, o grupo de 3º versionou a canción de The Beatles *Yellow submarine*, que pasou a chamarse *You can read for free (Podes ler gratis)* e que se converteu, tras o cambio de letra, nun canto a favor das bibliotecas. Ante a imposibilidade de reunir a todo o alumnado e interpretar en vivo as dúas cancións, fíxéronse os vídeos pertinentes e visionáronse en todas as aulas do centro ao mesmo tempo. Unha especie de concerto en diferido. Podedes atopar os vídeos no blog do club de lectura.

Falando de vídeos e de traballar en equipo non podemos esquecer a participación de moitos membros do club de lectura na proposta da biblioteca deste ano para a celebración do día do libro, a rodaxe da película Clásicos en Pandemia. O grupo de 3º aportou unha

escea teatralizada do Conde Lucanor. A profesora Lucila Durán axudoulles co texto e coa gravación, na que empregouse o chroma. Por outra banda, catro nenas do club do grupo de 1º ESO, baixo a dirección da profesora Patricia Fernandes, recitaron uns poemas que escribira o alumnado de 4º dentro do mesmo proxecto.



Maio foi un mes para retomar algúns dos libros lidos neste grupo de lectura inclusiva e intentar reproducir dun xeito orixinal e visual, a realidade tan diversa na que vivimos. O proxecto consistiu en caracterizar unhas brochas coma se fosen persoas, todas diferentes en raza, idade, capacidades, etnia... pero mostrando que todas 'pintan algo'. Compartimos unha pequena mostra mentres estamos á espera de pendurar o noso traballo nas paredes do centro.

En xuño os de 1º farán unha lectura en vivo da obra *Dormente*, de Raquel Castro, no patio do centro. Contaremos coa presenza da autora e esperamos pasar unha xornada tan boa como boas foron as múltiples reunións que se celebraron para comentar e compartir os moitos e variados libros que nos fixeron compañía estes meses: *Campos de fresas*, *Cartas de inverno*, *La ladrona de libros*, *Aplicación instantánea*, *Fahrenheit 451*, *El niño que quería matar*, *Cartas de amor*, *Chamádeme Simbad*, *The Umbrella Man*, *Todo o tempo do mundo*, *Latidos*, *Tes ata as dez*, *Mallko* y *papá...* e un longo etcétera.

Neste curso tan estraño, o noso club de lectura soubo ir mais alá das dificultades, disfrutar cos libros compartindo a experiencia e, aínda que botamos de menos a visita dalgún dos nosos escritores favoritos, puidemos desenvolver actividades moi diversas que nos deixaron un bo sabor de boca. Grazas ao alumnado e ao profesorado por formar parte desta enriquecedora experiencia. Boas vacacións e boas lecturas!

ENTREVISTA

Getting to know Kendall, our language assistant.

Our students of ESO (2nd ESO, 3rd ESO and 4th ESO) have prepared a series of questions in order to find out a bit more about Kendall, our language assistant during this course. The students of 2nd ESO PMAR and 3rd ESO PMAR were the responsible for asking the questions, while the students of 3rd ESO C were in charge of transcribing Kendall's answers. In this interview there are questions related to her hobbies, tourism, gastronomy, education and her life as a language assistant in Galicia.

How is your day to day in Galicia?

Well, because of Covid, I haven't been doing anything super interesting, but usually, throughout the week, I go to school here, I go to the gym, I take care of my dog, I go on my laptop and I go to sleep, so most of my days during the week are very boring.

Was it easy for you to find convenient accommodation?

In Vigo, yes, but in Madrid and Seville I had difficult times finding a flat, but I felt comfortable. Now, in Vigo, I live in a good flat and it is near the city centre.

Do you like Spain? And Galicia?

Yes, I really enjoy living in Spain; it is one of my favourite countries in Europe and, hopefully, I will live here again, in the future.

I really am surprised at how much I like Galicia; I do not like the weather, but I really enjoy being in a beautiful nature and the people here are really nice and I also really enjoy the seafood.

Did you get used to our lifestyle? Have you adapted well to living here?

I really enjoy the lifestyle in Spain because the country is very relaxed. In the United States, we don't have siesta time, so when I go back to the United States, I'm going to want to have a break in the afternoon, but I won't be able to get one, so I will really miss that about Spain.

Was it difficult for you to get used to our timetables? And to euros?

Yes and no. In the United States, I have always eaten dinner at night, so I'm used to eating dinner late, but I never eat lunch at 2 o'clock. I only eat lunch around 12 or 1 p.m. because that is the time Americans eat lunch. I like that things in Spain are open later, but I don't like that things close between 2 to 5 o'clock because it is difficult to do important tasks.

Euros, no, it is the same as the dollar, except that the

euro is worth more than a dollar, so when I take all of my euros back to the United States, I will have more money.

Have you tried Spanish food? Did you like it? What is your favourite dish?

I really like Spanish food. I like *croquetas* a lot and I also like *paella* and *arroz negro*. And I really like Galician food because I like seafood, so I have tried *pulpo*, *merluza*, *bacalao*...and all of the fish.

Where do you prefer staying: Galicia or Andalusia?

I prefer staying in Andalusia because the weather is better and there is easier transportation to go to other cities, but I didn't get to enjoy Andalusia completely because of the confinement. However, I prefer living in Vigo over Seville.

What places have you visited in Galicia or Spain?

In Galicia, I have visited Vigo, of course, Cangas, Santiago de Compostela, A Coruña, Cies Islands and that's it. In Spain, I have visited many different places: Cadiz, Malaga, Seville, Canary Islands, Madrid, Barcelona, Extremadura, the mountains of Catalonia, Alicante, Murcia, Valencia... I can't remember all of the places, but a lot of places in Spain.

Have you gone to the beaches in Galicia?

I have visited many different beaches in the Pontevedra area, mostly Samil, since I live in Vigo, but I have been to beaches in Bueu, beaches in Coruña and beaches in Cangas.

What impressed you the most about Galicia? And what didn't you like about Galicia?

I was very impressed by all of the beautiful beaches. I think Galicia has some of the best beaches in Spain.

I hate the weather; it rains too much and it is really cold.

From all the places you have visited in Spain, which one is your favourite?

My favourite cities are Madrid and Malaga because there are a lot of English speakers and foreigners, so it is easier to make friends and I also like the Canary Islands.

How do you travel around?

I travel mostly on the bus when I go to work, but I live in Vigo, so I usually walk everywhere.

Can you play an instrument?

I cannot play any instruments.

What is your favourite band?

I don't have a favourite band, but some of my favourite singers are: Lana del Rey, The Weekend, Rihanna and Drake.

What is your favourite colour?

That is a difficult question because I like all of the colours. My favourite colour is pink, but I don't wear a lot of pink and I also like turquoise and green.

Do you play any sports?

I don't like playing sports because I am very lazy, but, when I was a child, I used to play soccer.

If you had a lot of money, what would you do?

If I had a lot of money, I would buy a house on every continent and I would stop working forever.

Was it difficult for you to get your degree?

My first year, I had a really difficult time at university because I didn't study in high school and I didn't like going to class, but, after my first year, I began to study and started to enjoy my classes, so I ended up graduating a semester earlier.

Would you like to improve your Spanish?

Yes, I really need to improve my Spanish; I'm very embarrassed that my Spanish is still very bad even though I have been here for three years. I want to learn Spanish because I want to come back to Spain one day.

Have you worked in other schools?

Yes, I worked at a secondary school in Madrid and, after that, I worked in a primary school in Seville.

How do you feel working in a school in times of Coronavirus?

I think Coronavirus has made school more boring because we aren't able to play games where we walk around the classroom and work with different people, so I hope that, in the future, things will change and you will be able to socialise more with your classmates because I think that is what makes school fun.

Did you feel comfortable with us in class?

Yes, I did! I think a lot of you are interested in knowing about the US and its culture, so it was really fun to explain the differences between the US and Spain.

What do you like the most about school?



I like how funny the students are. Sometimes, I listen to you talk and, even if it is in Spanish, sometimes I can understand you and I think it's very funny, the things that you are saying.

When you were little, what did you want to be when you grew up?

When I was a small child, I wanted to be a famous actress, but that obviously didn't happen, and then, when I was a teenager, I really wanted to be a reporter on the news, but I was always very shy, so I had a hard time talking in front of the camera.

What do you think you are going to do in the future? Would you like to become a teacher?

I am going to teach in South Korea this fall, so I plan on teaching in Asia for maybe one or two years, but, in my free time, I am writing different stories to sell to different magazines because I would really like to work in journalism or social media.

Did you miss your family?

Coming to Spain, of course, I miss my family, but I don't get homesick, so it's not very difficult for me to live far away from my family.

Finally, would you come back to Spain?

Yes, I would come back to Spain. I hope to come back to Spain in two years, after I finish teaching English in South Korea. I want to try living on the Canary Islands, Malaga or Madrid again.

AS NOSAS LETRAS

Festa das Letras

Este ano 2021, homenaxeouse a poeta Xela Arias no Día das Letras. No noso centro, fixemos unha serie de actividades para que todo o estudantado participase e se achegase a esta figura de sumo interese.

No recreo do 14 de maio profes e alumnado concentrámonos na pista polideportiva exterior para cantarmos as “cantigas mariñeiras”...




Á ría de Vigo / non se pode entrar / con tanta lanchiña / que vai cara ó mar / que vai cara ó mar / entrar e saír / á ría de Vigo / non se pode ir.

Foi o prelude dunha semana inzada de actividades de difusión das nosas letras, as galegas.



Primeiro e Segundo da ESO fixeron un traballo de escolla dun poema da autora que lle gustase ou interesase a cadaquén, o cal acompañarían cunha imaxe significativa.



O estudantado de Oratoria presentounos a todo o centro a vida e obra de Xela Arias.



O estudantado do Club de lectura de Primeiro da ESO fixo un traballo de autorretratos co motivo de Xela Arias.



Ademais de asistir a unha charla de Juáncho, autor e ilustrador de Na procura do medo esquecido. Catálogo de criaturas mitolóxicas e fantásticas de Galicia..




Terceiro da ESO participou nun obradoiro sobre Xela Arias guiado pola poeta Lara Dopazo Ruibal, organizado pola AELG.



O estudiantado de Cuarto da ESO fixo unha acción poética de ocupar parte do espazo común do centro (paredes, ventás...) con textos da autora:



E o estudiantado de Primeiro de BAC elaborou suxestivos vídeo-poemas que podeses ver no Instagram do centro



Celebramos tamén un concurso de marcapáxinas co tema único de Xela Arias e as nosas Letras: aquí podes ver as tres gañadoras: Paula González Domínguez (1º ESO B), Lara Pereiro López (1º ESO B) e Ximena Soubirón Orihuela (1º ESO C).



CHAPAS DAS LETRAS GALEGAS "XELA 21"

Deseño de Gemma Alonso (4º ESO A) para as chapas. Na imaxe podemos ver os operarios que estrearon a máquina mercada este curso.



Deseño: Gemma Alonso
4ºESO A

Unha vida en banda deseñada a dúas bandas



Obradoiro de cómic de Xela Arias: poeta, tradutora, profesora e editora galega. Pacifista e Solidaria.

Condensar toda esta actividade nun artigo éme ben complicado. En todo o caso tentaremos sintetizar ao máximo a onde nos levou a idea orixinal de Laura Iglesias (profe de lingua galega e plástica en 1º da ESO e xenial ilustradora), e Natàlia Regueiro (profe de inglés, coordinadora do Club de Lectura e meiga da imaxe), as cales me propuxeron participar na preparación dunha biografía de Xela Arias para un obradoiro de banda deseñada basicamente dirixido ao alumnado do Club de Lectura de 1º. E así comezamos, mais os atrancos felices e ventureiros do camiño da profe Laura, fixeron que tivéssemos que mudar a idea e dun traballo pensado para realizar no Ribeira pasamos a desenvolver unha ambiciosa idea en colaboración co CPI Manuel Sánchez Marquier do Rosal, baixo a coordinación gráfica de Elena Gómez Dahlgren e a misión normalizadora dos dos equipos dos dous centros.

E comezamos cunha charla para divulgar a vida, obra e curiosidades da vida de Xela. Logo a rapazada asistiu a un obradoiro a cargo de Elena, quen lles impartiu unhas nocións elementais de elaboración dunha banda deseñada en tempo record.

E de aí entramos en fariña... Cada martes do mes de febreiro, a algún venres de agasallo, quedabamos na biblioteca para ir redactar o argumento do cómic, deseñar o storyboard, aturullar a cabeciña do profe Matías con ideas de todo tipo e, sobre todo, divertímonos aprendendo e escachando coa risa.

Por causa do protocolo pandémico distribuíronse 17 alumn@s en tres grupos:

- “Musapiens” (Mulleres sapiens, 1ºB): Inés Fernández, Iria Gómez, Lara Pereiro, María Pérez e Ainara Rodríguez.
- “Os ghaiteiros” (1º A + D): Nerea Nieves, Nicolás Freiría, Aitor Fernández, Eros Oya e Tarik Essaadaoui.
- “Matías director” (1º C): Irea Villar, Ximena Soubirón, Natalia Rodríguez, Yerobe García, Santiago Iglesias, María Cortegoso e Blas Bande.

E démoslle duro en febreiro até termos encontros vituais para presentármonos e explicarlles as nosas intencións no guión. Rematatámolo e trasladámoslle aos nosos socios do Rosal para que despois das vacacións da Semana Santa eles interpretasen o escrito por nós e

debuxasen á vontade o batifundio ensarillado de datas, datos, obras e feitos que a Xela protagonizou nunha vida intensísima.

Amais, e como remate para pór o ramo á festa das Letras que no Ribeira do Louro levamos a cabo do 14 ao 21 de maio, matinamos en confeccionar as nosa visión de *Darío a Diario*, o libro que Xela dedicou ao seu fillo, cuns autorretratos moi contemporáneos, tal como a Xela fixera co seu marido en *Tigres coma cabalos*, con imaxes espidas e texto cuberto, que se converteron nos nosos autorretratos de Xela no seu día, vestidos e sen máscara. Como lles chamou a profe Natàlia, son os “Os Xeliñas”,

Deseguido podedes observar en documentos gráficos exclusivos como decorreron as sesións de traballo e o resultado final da bd feita cos nosos parceiros do Rosal...

Autorretratos no Día de Xela

Leopardicidas de enxenho
operarios da palabra,
a imaxe e a vida escolar.
Axuntaron o mar galego en paz antimilitar
NUNCA MÁIS
combinaron á beira das letras
pró día de Xela.

Tódoos Daríos
fixeron diarios
Pacíficos, desenhados
e bioilustrados

Tempo após, sen destempo
Intemperiaróntese decote
da xelarias poeta
Guieira do verbo en equilibrio
DENUNCIADO a 80 e 90

No 21 pandémico
EIS
Autorretratos NOSOS de seu

Matias da Torre



Neste cómic escrito e deseñado con dúas con dúas mans xigantes e 74 lapis, pantallas virtuais e 43 quilómetros de distancia social entre O Barriño e O Rosal, ímosvos contar a vida de Xela Arias, a escritora das Letras Galegas de 2021...

Ola, son María de los Angeles, naciín en Ortos, no concello lugueís de Sarria, o día 4 de marzo de 1962. Os meus pais chámanse Valentín e Amparo.



De nena estudei nesta escola de educación ambiental da que meu pai era mestre.




Teño seis anos, agora toda o mundo me chama Xela. Cando sexa maior de idade o meu nome será María dos Anxos.




Da vida na aldea, en 1969 a familia trasladouse a Sárdoma, na cidade de Vigo, ao destinar ao pai de Xela como mestre na escola de Maledo.







Ao tempo que traballou de todo en Edicións Xerais de Galicia, Xela colabora en moitísimas xornais, revistas e publicacións literarias do noso país e tamén de Portugal.




En 1984 galegiza o seu nome no rexistro civil.

X.A.

~~Maria de los Angeles~~
Marra dos Anxos







Rematei os estudos e fíxemme profe substituta de lingua castelá e literatura



Xela fixo a tradución ao galego do Drácula


Xela participou como voluntaria cando ocorreu o desastre do prestigo



Pero sempre hai un gañador Ven que te seto A ver a ti desde ti en ti



Agostín el é un rapaz de oito anos e ela unha PANTASMA



-2004: Premio Máximo Castro de tradución. 29 maio Homenaxe das asociacións galegas de editores, escritores e tradutores.

-2014: Proposta por primeira vez para as letras galegas.

-2015: Proposta por segunda vez para as letras galegas.

-2018: Publícase Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)
Creación do premio Xela Arias, da asociación galega de profesionais da tradución e interpretación.



Xela Arias, Quedas En Nós



GRAZAS XELA!!



So é poesía aquela que non busca victorias, só será poesía aquela que non agougue nas derrotas. Só é poeta o que busca librarse de si mesmo. X.A.

CONVERSA DOS ALUNOS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Con Raquel Castro

RAQUEL CASTRO MARTÍNEZ nace en Alxén (Salvaterra do niño) no ano 1971 e é unha profesora e escritora galega de literatura infanto-xuvenil, especializada na dramaturxia. É presidenta e fundadora da Asociación teatral de Alxén desde 1999. Todas as súas obras teatrais están destiandadas a seren interpretadas polo grupo Ata Sempre, desta asociación.

Raquel é autora de numerosas pezas teatrais entre as que destacan as premiadas: As terapias da doutora Leticia (2012), A formiga fóra do carreiro (2018). Ademais das obras citadas, tamén publicou a novela Bestiario doméstico (2017) e vén de presentar este ano Dormente.

A nosa protagonista imparte talleres de teatro no IES Ribeira do Louro, onde leva varios grupos, xa que considera que o teatro é unha ferramenta fundamental no ensino. É profe no noso centro de lingua galega e literatura e artes escénicas e danza. Precisamente fomos os alumnos desta materia nova inaugurada este curso en 4º da ESO, os que atopamos un oco entre as clases e lle fixemos esta breve entrevista que ides ler.



Alumnado: Cóntanos, Raquel, de onde che vén a túa afección pola dramaturxia?

Raquel: “Empezo dende moi cedo cando de pequena estaba no colexio. Escribía obras de teatro para os meus compañeiros e logo representábalas nas aulas. Sempre me gustou escribir de todo, pero máis teatro. Despois, cando rematei a universidade e volví a Salvaterra, montei un grupo de teatro e comezamos a representar. Quedabamos todos os sábados para ensaiar, pero logo chegou un momento que non atopaba obras polo que tiveron que escribir as miñas propias para eles, axeitándoas á súa personalidade.

A: Levas unha vida dedicada ao teatro como activista, creadora e profesora. Como fixeches para compaxinar todo isto, foiche difícil?

R: “A verdade é que ter ideas para escribir cando traballas e precisas de todo o mundo, cando tes unha familia coma min, con dúas fillas, compaxinar todo iso non é doado. Malia isto, eu apoieime moito nun escritor que tiveron a sorte de coñecer, que é Agustín Fernández Paz. El escribe novelas como Cartas de inverno e en cada centro no que estiveron traballando levábalas para que lle contase aos meus alumnos os seus libros. Lémbrome que nun centro un rapaz preguntoulle se se gañaba moito como escritor e Agustín respondeulle: □son profesor, pero elixín esta profesión porque me permite traballar toda a mañá e logo pola tarde poder dedicarme á miña paixón, que é escribir□. O que el lle quixo dicir con isto é que ninguén se fai rico sendo escritor, porque nós

sacamos dos libros o 4% e o resto distribúese entre as librarías, editoriais, etc...

A: De onde tiras ti as ideas e pensamentos á hora de escribir?

R: Esta fase é a máis difícil, tes que ter en conta de non coincidir coas mesmas ideas doutros dramaturgos. Eu podo afirmar que tan pronto se che veñen, sentarte fronte ao ordenador e poñerte a escribir é un proceso sinxelo e fluído dende o meu punto de vista. Cando non me inspiro con ideas, recorro moitas veces aos contos clásicos e gústame cambialos porque considero que nos adoutrinaron, e máis concretamente ás mulleres, poñéndonos no papel de educadas, obedientes e esa versión hai que cambiala.

Por iso mesmo recorro aos contos clásicos e, se vos fixades, o meu último libro (Dormente), editado en marzo, é unha versión da Cincenta por toda a contra. Por que estará durmida a princesa? Será que xa non quere seguir vivindo na súa vida de dama? Quererá vivir unha vida sen o seu príncipe azul?□

A: Se ti foses una actriz de teatro do s. XV, que personaxe che gustaría ser da Comedia da Arte?

R: “Para min é o personaxe do avaro, porque considero que se pode lucir no escenario así cos seus movementos a súa sibilosidade, dando malos consellos e sendo calado, iso atráeme moitísimo, pódese sacar moito proveito a nivel escénico.

A: Moitas grazas, Raquel...E seguimos coas clases...

Nesta entrevista colaboramos: Yovanna González Pérez, Paula Iglesias Salgueiro, Lucas Álvarez Simón e Eduardo Rodríguez García.

Obra teatral Urraca

As alumnas e alumnos de Artes escénicas e danza de 4º da ESO, entre outras moitas actividades, prepararon a obra teatral Urraca, que presentaron para o alumnado de EBI I e para os seus compañeiros e compañeiras de curso.

A posta en escena de Urraca foi o seu traballo fin de curso, posto que é un espectáculo que mestura teatro e danza, foron os propios alumnos e alumnas os que escolleron a música e prepararon a coreografía.

Urraca conta o pesadelo que ten a que foi raíña de Galiza, cando de cativa, seu pai, Afonso VI, lle anuncia que vai casar. A nena, con tan só oito anos, sofre un pesadelo no que compartirá inquedanzas cunhas pezas de xadrez que cobran vida.

Artes escénicas e danza é unha materia de tres horas semanais impartida en 4º da ESO que comezou este ano no Centro, onde se inicia ao alumnado no teatro e na danza, con aprendizaxes que van dende a expresión corporal, o dominio da voz e as técnicas de improvisación.



CADERNOS DE TEATRO
Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro | Año 2021

"Si a arte é capaz de crear un espazo habitable" (Luis Miguel González Cruz)
Dúas novas optativas artísticas directamente conexas coa escena e que se suman á Aula de Teatro do EDL, esta como materia fóra do horario escolar

"Artes Escénicas e Danza Tradicionais", novas materias lectivas no IES Ribeira do Louro

Contos para a hora de coema, Quico Celedón
Documental: Histórias para tempos ruins, de Cándido Paz
O mancho aburrido, de Paula Carballiña
Monólogo de Shylock, de Shakespeare
Proxecto: "Mulleres sobranceiras da historia" (emélogos)
A cámara escura, de José Luis Balleiro de Cruz, obra editada no III Premio Roberto Vidal Bolaño

A COVID-19 non logrou deter a actividade teatral no noso instituto, alónda que tivemos que orientar primordialmente á preparación de monólogos. Neste novo número da nosa revista teatral atoparedes reportaxes das obras representadas, crítica teatral, opinións, entrevistas, premios, experiencias educativas, e tamén unha ampla reportaxe sobre unha actividade que logrou implicar máis de 80 persoas no centro: o proxecto "Clásicos en pandemia".

Xa saíu publicado o número 8 dos Cadernos de Teatro do IES Ribeira do Louro. Se queres coñecer toda a actividade teatral que se fai no noso centro, le a nosa revista teatral escolar, a única destas características que se publica en Galiza.

PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO

José Luís Baños de Cos gaña o III Premio Roberto Vidal Bolaño de Teatro 2020

José Luis Baños de Cos é o gañador da terceira edición do premio de textos teatrais “Roberto Vidal Bolaño”, coa obra titulada “A cámara escura”. O galardón instituído polo IES Ribeira do Louro, a Editorial Galaxia e o Concello do Porriño entregouse o mércores 23 de setembro, data de comezo do curso na secundaria, nun acto condicionado polos protocolos anti-covid, celebrado no salón de sesión do consistorio porriñés coa asistencia do galardoado.

Baños de Cos é orixinario de Cádiz pero leva asentado en Galicia dende hai anos por razóns de traballo e persoais e “vén de amosar un excelente coñecemento da nosa lingua” como ponderou o xurado do certame.

Raquel Castro, profesora do IES Ribeira do Louro e secretaria do xurado deu lectura á acta co fallo. O xurado valorou que “estamos diante dun texto cun estilo ben definido e que alén diso, presenta un rexistro de lingua máis urbana e máis próxima da mocidade; é un texto actual e eminentemente teatral xa que se lle pode sentir o pulso da escena”.

O premio consta de 2.000 €, suxeitos ás retencións fiscais

correspondentes e que computarán como dereitos de autor. Ademais o escritor galardoado recibiu un diploma acreditativo, unha escultura e a súa obra será publicada por Editorial Galaxia, a partir do ano que vén.

Francisco Castro, director xeral da editorial aproveitou a súa intervención para agradecerlle ao Concello do Porriño “pola súa sensibilidade á hora de apoiar este premio. Hoxesunha das capitais culturais de Galicia no que atinxe ao mundo teatral e por suposto no que é o teatro orientado á mocidade, Porriño ocupa o posto máis elevado”, segundo valorou o director xeral de Editorial Galaxia.

Lourdes Moure, concelleira de Educación que acolleu hai tres anos a proposta que lle trasladaron o Instituto Ribeira do Louro e a editorial, manifestou que “o Concello vai continuar realizando esta achega anual de 2.000 euros e ogallá sexa por moitos anos máis”.

Pechou o acto a alcaldesa Eva García de la Torre, quen subliñou “o esforzo enorme” realizado polos gobernos municipais o que vencellou con iniciativas como o apoio do Concello a este premio.



PRESENTASE 'A CÁMARA ESCURA' GAÑADORA DO

III Certame de textos teatrais Roberto Vidal Bolaño

O 12 de febreiro presentouse nunha rolda de prensa no Salón de Plenos do Concello do Porriño Porriño o libro gañador da terceira edición do premio de teatro Roberto Vidal Bolaño 2020 e que recibiu José Luis Baños de Cos pola súa obra *A cámara oscura*.

O gañador, estivo acompañado por Lourdes Moure, concelleira de Educación, Juana Gómez, directora do IES Ribeira de Louro, a dramaturga Raquel Castro, e Francisco Castro, director xeral de Editorial Galaxia, representado ás tres entidades convocantes dos premios. No transcurso da conferencia o autor deu a coñecer que no terceiro trimestre se achegará ao Ribera do Louro para levar a cabo unha lectura dramatizada da obra que acaba de saír do prelo.

Unha historia acaroadada ás vivencias da adolescencia actual

José Luis Baños de Cos preséntanos nesta peza un texto actual ao que se lle pode sentir o pulso da escena con diálogos áxiles a través dun rexistro de lingua próximo á mocidade. Porén, non faltan en *A cámara oscura* referencias ao teatro clásico, como a figura do coro, transformado en grupo de *WhatsApp*, personaxe colectivo que revolve conciencias e nos deixa ao descuberto ante a sociedade.

A protagonista, Alicia, comparte unha foto súa co seu *crush*. Con dezaseis anos hai moitos motivos que te obrigan a “compartir”. A presión social pode ser moi forte. Hai que ser aceptada polo grupo. Tal como *Alicia no país das maravillas*, esta Alicia, entra no tobo do coello e xa non hai escapatoria. E Alicia entra no móbil, no grupo e xa deixa de ser ela, xa é de todos, dese coro que se cre co dereito de vulgarte.

Dramaturxia galega inzada de recoñecementos

José Luís Baños de Cos, aínda que é natural de Jerez de la Frontera, fala un galego fluído. Fálao e temén o escribe. Mostra diso son os xa varios premios que acadou na nosa lingua ata o de hoxe. Leva anos dedicándose ao teatro. Proba diso son premios anteriores como o **I Premio de Teatro Breve Jenaro Marínhas del Valle** convocado pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña, coa obra **O círculo** en 2018, ou o **Premio Abrente de Textos Teatrais**, convocado pola MIT Ribadavia coa peza *Asfixia* en 2019.

José Luís é Licenciado en Dereito e Antropoloxía social e quizais foron estes últimos estudos os que o levaron a estudar tamén, teatro social e comunitario en Honduras e Perú e foi xa en Galicia onde comeza a traballar como dramaturgo escribindo a ópera prima da **compañía Ó Cubo Teatro, O faiado**. Actualmente combina a docencia teatral en Compostela coa escrita dramática





IES RIBEIRA DO LOURO

2º Bacharelato PROMOCIÓN 2020-2021



GUILLERMO COMESAÑA CASAL



ISABEL SAGO FERNÁNDEZ



PILAR GONZÁLEZ ANIDO



M^a PURIFICACIÓN PARDO VUELTA



SERGIO PÉREZ CASTIÑEIRAS



MARÍA RIAL PAN



RAQUEL SANTA



AROA ALONSO MAZORRA



AROA ÁLVAREZ CABALEIRO



SARA ÁLVAREZ LORENZO



SAMUEL BARROS FERREIRA



SILVIA BASTO



GISELA ESCUDERO DUVAL



ANDREA ESTÉVEZ CORREA




KEVIN FERNÁNDEZ CORREA



ANTONIO GARCÍA TORRES



LUCÍA GARCÍA



GALIA MARBÁN ALONSO



MARÍA MARBÁN ALONSO



AINHOA MARTÍNEZ GONZÁLEZ



MARA MARTÍNEZ GONZÁLEZ



ANA MUÑIZ



ESTEBAN PINTELOS CARPINTERO



MIRIAM REPRESAS SAAVEDRA



ANA RODRÍGUEZ BARROS



AARÓN RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ



IKER RODRÍGUEZ





IES RIBEIRA DO LOURO

EDUCACIÓN 2020/2021



SELMA AMAL CALVAR



MARTA FREIJEDO PÉREZ



Ma JOSÉ IGLESIAS VÁZQUEZ



OLALLA BEJARANO



MIGUEL SANTIAGO PAL



CARLOS SEGADE PÉREZ



ASUN TEIXEIRA BAUTISTA



ANA VIEITO ÁLVAREZ



ANA RODRÍGUEZ



DAMIÁN BUGARÍN ROMERO



SARA CASTRO PÉREZ



LUCÍA COLLAZO ÁLVAREZ



MATÍAS DELICADO LAGO



LUCÍA TORRES




RAQUEL GIRÁLDEZ LORENZO



MARIO GONZÁLEZ LORENZO



VERÓNICA GONZÁLEZ PORTELA



UXÍA GONZÁLEZ VÁZQUEZ



LUCÍA RAMILO



DAVID NUÑEZ CASTRO



JORGE OCAÑA LÓPEZ



IRINA PÉREZ CASTAÑO




MARTA PEXEGUEIRO DÍAZ



DANIEL FERNÁNDEZ



DANIEL RODRÍGUEZ MACHADO



ERIK TABOAS VÁZQUEZ



PAULA VALENCIA PEREIRO




MIRIAM VILA FERNÁNDEZ



OFERTA EDUCATIVA IES RIBEIRA DO LOURO



IES RIBEIRA DO LOURO



EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS **(PRESENCIAL)**


ENSINANZAS BÁSICAS INICIAIS

NIVEL I
NIVEL II

PROBA LIBRE ESO ADULTOS

PROBA ACCESO CICLOS FORMATIVOS

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: TEATRO // CLUB DE LECTURA // OLIMPIADA DE XEOLOXÍA



IES RIBEIRA DO LOURO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Revista Escolar Órbita | Número XVI | Xuño de 2021
IES Ribeira do Louro, Torneiros - O Porriño
Equipo de Dinamización Lingüística